

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 18 de marzo de 2011**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Xulio Calviño Rodríguez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D. Eudasio Álvarez Álvarez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro

**Invitados:**

D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey  
D<sup>a</sup> Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás 9.02 horas do día dezaioito de marzo de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(334).- ACTA ANTERIOR.** Apróbanse as actas das sesións, ordinaria do 7.03.2011 e extraordinaria e urxente do 9.03.2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

**2(335).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CINECLUB LUMIÈRE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DUNHA PROGRAMACIÓN ESTABLE DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL PARA O ANO 2011. EXPTE. 3935/335.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa da técnica de Animación Sociocultural, do 15.02.2011, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultura, co informe do letrado asesor do 25.02.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 8.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Que se aprobe o texto do convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e o Cine Club Lumière Vigo, para a organización da programación de cine en versión orixinal durante o ano 2011.

2º.- Que se faculte ó concelleiro da Área de Cultura e Animación sociocultural para asinar o citado convenio.

3º.- Que se autorice un gasto por un importe de 15.000,00 euros a favor do Cine Club Lumière (CIF G-36.758.696) en concepto do estipulado no convenio, con cargo á partida 3380.489.0001 (Convenio Cine Lumière) do programa orzamentario de Animación sociocultural para o vixente exercicio.”

**CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PROYECCIÓN DE PELÍCULAS EN VERSIÓN ORIXINAL.**

Na Casa do Concello de Vigo,

**REUNIDOS**

Dunha parte, don Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.

Doutra, dona Emilia López Alonso, como presidente de CINECLUB LUMIÈRE VIGO, CIF nº G-36.758.696 e enderezo social na rúa Doctor Cadaval nº 33 de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 3935/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

I.- Que Cineclub Lumière Vigo ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas. O Cineclub Lumière é a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega, que vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos de programación cinematográfica en versión orixinal.

**II.-** Que o Concello de Vigo está interesado en organizar iniciativas socioculturais que aumenten a súa programación, en especial a dirixida a públicos sectoriais e especializados, e por este motivo vén asinando convenios de colaboración similares desde o ano 2006.

**III.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0001, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 15.000,00 (quinze mil) euros, a favor da entidade CINECLUB LUMIÈRE VIGO.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización dunha programación ó longo do ano e da proxección de películas en versión orixinal.

**V.-** Que a entidade Cineclub Lumière Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 3935/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade **CINECLUB LUMIÈRE VIGO**, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### **PACTOS**

Primeiro.- A entidade Cineclub Lumière Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Animación sociocultural do Concello de Vigo en canto a organización dunha programación anual de películas en versión orixinal e, concretamente, a:

1º.- Presentar antes do día 15 de cada mes unha proposta de proxeccións para o mes seguinte, co obxecto da conformidade do persoal técnico da Concellería de Animación Sociocultural.

2º.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin.

3º.- Realizar o evento segundo a programación proposta e o presuposto aprobado, comezando as actividades do programa á hora anunciada ó público e tendo comprobado coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento coa fin de realizar as correccións técnicas que fosen necesarias.

4º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a súa realización.

5º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura neste convenio.

6º.- Editar o material gráfico para a difusión das actividades e achegar un mínimo de 50 exemplares á Concellería de Animación sociocultural; este material deberá contar co seu logotipo. Ademais, farase mención desta colaboración en toda a difusión que realice a través dos medios de comunicación.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Reservar as instalacións do auditorio da Casa do Concello para todos os luns dos períodos indicados do exercicio 2011, unha vez estean rematadas as obras de reforma e acondicionamento do recinto, para a proxección das películas incluídas na programación obxecto deste convenio. Esta reserva tan só poderá ser modificada de forma excepcional por necesidades protocolarias do Concello, previa comunicación por escrito á entidade, cunha antelación mínima de 72 horas. Neste caso intentaríase buscar unha data alternativa de mutuo acordo, encargándose o Concello da difusión necesaria cara ó público. Así mesmo, en caso de realizar outros ciclos puntuais de proxeccións noutras datas, o Concello daralle prioridade para a reserva do recinto.

2º.- Conceder directamente a Cineclub Lumière Vigo, unha subvención por importe de 15.000,00 (quinze mil) euros co obxecto de coadxuvar ó financiamento da organización da programación e proxección de películas en versión orixinal.

O CONCELLO non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase por transferencia bancaria á conta corrente número 2013.1598.39.0200177272, domiciliada en Caixa Catalunya, da que é titular a entidade beneficiaria, segundo o seguinte:

a) Un primeiro pagamento por importe de 7.500,00 euros, dentro dos 15 días seguintes á finalización da programación do período xaneiro-xuño.

b) Un segundo e derradeiro pagamento por importe de 7.500,00 euros, o día 20 de decembro.

En ambos os casos, a entidade deberá presentar previamente a través do Rexistro Xeral Solicitud de pagamento e Memoria-avaliación das actividades, conforme o recollido no pacto noveno deste convenio.

A comprobación da subvención corresponderalle ao persoal técnico do servizo de Animación sociocultural encargado do seguimento do convenio, que emitirá informe no que se poña de manifesto a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, así como a conformidade cos documentos xustificativos presentados. O dito informe incorporarase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa conta xustificativa.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

**Sétimo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

**Oitavo.-** Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

**Noveno.-** A beneficiaria, no prazo de quince días seguintes á finalización de cada un dos períodos de programación deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar a través do Rexistro Xeral:

a) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa e informe de incidencias.

b) **Memoria económica** xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- De existiren, relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

**Décimo.-** Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos

da Concellería de Animación Sociocultural. O xefe do servizo de Animación Sociocultural emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

**Décimo segundo.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Animación Sociocultural e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Animación sociocultural do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan. O Concello resérvase o dereito de incluír a programación obxecto deste convenio na posíbel axenda que edite e/ou difunda cos actos previstos no auditorio municipal.

**Décimo quinto.-** O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Animación Sociocultural nos actos programados.

**Décimo sexto.-** O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

**Décimo sétimo.-** O concelleiro de Animación Sociocultural queda facultado para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

**Décimo oitavo.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo noveno.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

**Vixésimo.-** As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, e o seu acceso será controlado mediante cobro de entradas. A xestión das entradas e da recadación será total responsabilidade da ENTIDADE.

Vixésimo primeiro.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data anteriormente indicados.

### **3(336).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE TRATAMENTO DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS. EXPTE. 19003/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 8.03.2011, conformado pola concelleira de Contratación, co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización do 11.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo de tratamento de RSU, adxudicado a Mercantil Sogama por acordo da Xunta de Goberno Local de 23 de xuño de 2008, fixando o prezo do mesmo dende o 1 de xaneiro de 2011 na cantidade de 57,30 euros/tonelada, ive engadido.

### **4(337).- DAR CONTA DO CONTRATO ASINADO CON VORTAL, S.A. PARA IMPLANTACIÓN DE CONTRATACIÓN ELECTRÓNICA. EXPTE. 3540/241.**

Dáse conta do decreto da concelleira delegada de Facenda, do 14.02.2011, sobre o contrato menor asinado con Vortal. S.A., para a implantación de contratación electrónica.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

### **5(338).- DECLARAR DESERTA A LICITACIÓN DA TALA DE EUCALIPTOS NO MONTE DE A GUÍA. EXPTE. 5876/446.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 10.03.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

Declarar deserto o procedemento por falta de licitadores.

**6(339).- RENOVIACIÓN DE MARCA “VIDE FUNDACIÓN VIGO DEPORTE”. EXPTE. 3577/241.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 10.03.2011, conformado pola concelleira delegada de Contratación, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Comunicar á empresa Ungría Patentes y Marcas, SA. a resolución de renovar-la marca nº 2.420.228 “Vide Fundación Vigo Deporte” en clase 41”.

**7(340).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA A ORECO, S.A. EXPTE. 3551/241.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do xefe da oficina administrativa de Contratación, do 15.03.11, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a ORECO, S.A. a fianza de 7.907,56 € constituída para responder da concesión da subsanación de deficiencias na Praza Pública do Progreso xa que as obras foron recibidas mediante acta de 12.02.1997, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

**8(341).- AUTORIZACIÓN Á ASOCIACIÓN DEPORTIVA RP3, A ORGANIZAR OS VINDEIROS DÍAS 25, 26 E 27 DE MARZO 2011, O XII TROFEO CIDADE DE VIGO DE MOUNTAIN BIKE-VIGO BIKE CONTEST-COPA DE ESPAÑA. EXPTE. 10350/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 11.03.2011, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar á Asociación Deportiva RP3 a organizar os vindeiros días 25, 26 e 27 de marzo de 2011, o XII TROFEO CIDADE DE VIGO DE MOUNTAIN BIKE-VIGO BIKE CONTEST-COPA DE ESPAÑA , as probas comezarán o venres día 25 a partir das 10.00 horas e rematarán o domingo 27 ás 14.00 horas coa final Downhill Vigobikecontest, dita proba desenvolverase nos Montes de Coruxo”

**9(342).- AUTORIZAR O CLUB DE CORREDORES DE VIG-BAY A ORGANIZAR O VINDEIRO 10.04.2011, A PROBA DEPORTIVA DENOMINADA XII MEDIO MARATÓN GRAN BAHÍA VIG-BAY 2010. EXPTE. 10327/333.**



Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 10.03.2011, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Autorizar o Club de Corredores de Vig-Bay a organizar o vindeiro domingo, día 10 de abril de 2011, a proba deportiva denominada “**XII Medio Maratón Gran Bahía Vig-Bay 2010**”, que está previsto que se leve a cabo entre Vigo e Baiona, con saída da Avda. de Samil (nas inmediacións do Verbúm) a partir das 10.30 horas e co percorrido pola Avda. de Samil en dirección a Canido, e Avda. Ricardo Mella, cara os concellos de Nigrán e Baiona”

**10(343).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DA UTE IMES-ESCYSA POLO MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS ELECTROMECAÑICAS DOS TÚNELES DURANTE O MES DE FEBREIRO. EXPTE. 13730/444.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Electromecánicos, do 7.03.2011, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobación dunha indemnización substitutiva por un importe total de 46.457,81 Euros, correspondente á facturación do mes de febreiro de 2011, con cargo á partida orzamentaria “Mantemento Túneles e Pasos Inferiores” 1650.227.99.02, así como, recoñecer a obriga a favor da UTE Imes-Escysa polo citado importe, por prestación do devandito servizo.

**11(344).- INSTALACIÓN DE CATRO AEROXERADORES DE MINIEÓLICA POLO CONCELLO DE VIGO E ACORDO DE EXPLOTACIÓN DOS MESMOS POLA FUNDACIÓN DA AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO. EXPTE. 13747/444.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Electromecánicos, do 4.03.2011, conformado pola concelleira delegada da área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Propoñer á Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo para :

- A colaboración co servizo de Electromecánicos do Concello de Vigo e coa empresa Sonkio Energy para a instalación de catro aeroxeneradores de minieólica en distintos puntos do termo municipal.
- A tramitación, ante os organismos competentes, da correspondente autorización destas instalacións para a súa produción de enerxía eléctrica.
- O depósito do aval correspondente á solicitude do réxime especial de produción de enerxía eléctrica.
- O seguimento do seu funcionamento e produción de enerxía eléctrica, mediante un sistema de control propio desenvolvido pola Axencia que

monitorizará as instalacións eólicas e realizará un tratamento estadístico de datos extraídos.

- A facilitación da información obtida e a súa difusión á cidadanía, a través da organización de visitas guiadas, e trípticos descritivos das instalacións, publicacións, etc. Así mesmo facilitarase o acceso a toda esta información a través da páxina web do Concello como da propia Axencia.
- A xestión do mantemento e explotación das instalacións tendo en conta que os gastos ocasionados por estes conceptos serán sufragados a través dos ingresos obtidos pola venda da enerxía eléctrica producida á rede xeral eléctrica.

**12(345).- PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “ACONDICIONAMENTO EN ZONA VERDE NO ENTORNO DO CENTRO DE SAÚDE DE TEIS” REALIZADO POLA EMPRESA XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. EXPTE. 8060/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 10.03.2011, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobación do proxecto de seguridade e saúde da obra “Acondicionamento en zona verde no entorno do Centro de Saude de Teis” realizado pola empresa **XESTION AMBIENTAL DE CONTRATAS , S.L.**, ao abeiro do proxecto Rexeneración Urbana do Barrio de Teis, para o inicio das obras.
- 2.- Nomear como coordinadora de seguridade e saúde da obra “Acondicionamento en zona verde no entorno do Centro de Saude de Teis” a Dna. Nancy C. Rodriguez Padrón.

**13(346).- PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE ACCESO A CAMIÑO TRANSVERSAL ROBLEDA” REALIZADO POLA EMPRESA ORESA, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. EXPTE. 8061/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 10.03.2011, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobación do proxecto de seguridade e saúde da obra “Acondicionamento de acceso a Camiño en Transversal Robleda” realizado pola empresa **ORESAS, OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.**, ao abeiro do proxecto Rexeneración Urbana do Barrio de Teis, para o inicio das obras.
- 2.- Nomear como coordinadora de seguridade e saúde da obra “Acondicionamento de acceso a Camiño en Transversal Robleda” a Dna. Nancy C. Rodriguez Padrón.

**14(347).- PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “REPARACIÓN DE LAVADOIROS VARIOS NO BARRIO DE TEIS, REALIZADO POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES CARRERA IGLESIAS, S.L. EXPTE. 8089/77.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 15.03.2011, conformado polo concelleiro delegado da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

1.- Aprobación do proxecto de seguridade e saúde da obra “Reparación de Lavadoiros varios no Barrio de Teis: Lavadoiro en Doctor Corbal nº 205, Lavadoiro da Subida ao cemiterio (Párroco do Serafin) e Lavadoiro en Baixada a Rios nº 193” realizado pola empresa **CONSTRUCCIONES CARRERA IGLESIAS, S.L.**, ao abeiro do proxecto Rexeneración Urbana do Barrio de Teis, para o inicio das obras.

2.- Nomear como coordinadora de seguridade e saúde da obra “Acondicionamento en zona verde no entorno do Centro de Saúde de Teis” a Dna. Nancy C. Rodriguez Padrón.

**15(348).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A “ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA” E O CONCELLO DE VIGO, PARA O MANTEMENTO DO “PUNTO INFORMA” E A REALIZACIÓN DUN TALLER DE CREATIVIDADE LITERARIA DURANTE O ANO 2011. APROBAR O GASTO. EXPTE. 4815/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Igualdade, do 28.01.2011, conformado pola concelleira delegada de Igualdade, co informe do letrado asesor do 7.03.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 11.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

“1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a “Asociación de Mulleres Dorna” e o Concello de Vigo para o mantemento do “Punto Informa” e a realización dun taller de creatividade literaria durante o ano 2011.

2º. Autorizar á concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º. Autorizar o gasto de 19.000,00€ (dezanove mil euros) con cargo á partida presupostaria “*Convenio de colaboración coa Asociación de Mulleres Dorna para o mantemento do “Punto Informa” e a realización dun taller de creatividade literaria, con cargo á partida 2311 4890002 do orzamento vixente da concellería de Igualdade para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.*

4º. Aprobar o texto, que de seguido se di:

“ Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil once

### **REUNIDAS**

Dunha parte, dona Iolanda Veloso Ríos, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Igualdade do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegadas de Área.

Doutra, dona Aurea González González, como presidenta da Asociación de Mulleres Dorna, con CIF nº G36619468, con enderezo social na r/ Baiona, 9 baixo Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 4815-224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

### **MANIFESTAN**

**I.-** A asociación de Mulleres Dorna, con máis de 30 anos de traxectoria no barrio de Coia, ten os seguintes fins:

- promover unha formación integral da muller encamiñada a desenvolver unha conciencia crítica, participativa, sociopolítica e solidaria como membro activo da sociedade en xeral e, principalmente, do seu
- contorno.
- Colaborar con calquera situación ou sector da sociedade referido a xustiza, paz , calidade de vida, etc.

A Asociación de Mulleres Dorna crea no barrio, en colaboración co Concello de Vigo, un Punto de Información dirixido especialmente ás mulleres vítimas de violencia de xénero. Este servizo contribúe á detección, denuncia e asesoramento en materia de violencia de xénero, a solidariedade entre as mulleres dos barrios e potencia a descentralización dos servizos e recursos da administración. Asemade, se prosegue coa labor tan importante desenvolta polo tecido asociativo, no eido da prevención e sensibilización cidadá na problemática da violencia contra as mulleres.

Neste ano 2011, a asociación de mulleres Dorna presenta ademais o proxecto de “Taller de creatividade Cocinando palabras” que ten como finalidade fomentar a creatividade, potenciar a capacidade de imaxinar con distintos recursos creativos, a pintura, o cine, a música e a literatura, incentivar a autoestima, e o intercambio dinámico do grupo de mulleres participantes.

**II.-** A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, 26 e 28 confire ás administracións locais competencias no eido da Muller, e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

A cidade de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede de acollemento de recente creación formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos

comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os fins da “Asociación de Mulleres Dorna” cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie estas iniciativas no eido social baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

**III.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 2311 4890002 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 19.000,00€, a favor da Asociación de Mulleres Dorna.

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, as intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar o mantemento da entidade e o desenvolvemento de actividades da Asociación de Mulleres Dorna durante o exercicio 2011.

**V.-** Que a Asociación de Mulleres Dorna non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que figura no expediente 4815-224. Anexo IV. Que a Asociación achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no citado expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación de Mulleres Dorna, o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes:

### **PACTOS**

**Primeiro.-** O obxecto deste convenio é:

1º.- Apoiar o mantemento do “Punto Informa” do barrio de Coia no que se atenderá ás mulleres que o demanden, aportándolles información xeral de interese, especialmente a que aporta un valor engadido a favor da igualdade de oportunidades e por ende de prevención da violencia, nos locais alugados pola Asociación de mulleres Dorna a tal fin.

2º.- Organizar un taller de creatividade literaria para mulleres, no que participarán un mínimo de quince alumnas, matriculadas pola propia entidade mediante convocatoria pública ó seu cargo. Priorizarase o acceso ás mulleres

vítimas de violencia de xénero.

Todas estas actividades pretenden potenciar o acceso das mulleres vítimas de violencia e o fomento da participación social e o desenvolvemento comunitario de acordo cos programas contidos no Anexo I.

A Asociación de Mulleres Dorna comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:

1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.

2.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.

3.- Destinar a este fin unha oficina permanente da Asociación de Mulleres Dorna. Estará equipada de acordo co expresado no Anexo II do convenio. A atenderá unha persoa adicada a esta tarefa, como mínimo durante dúas horas diarias, de luns a venres, ambos incluídos, e durante todo o ano.

Esta persoa será nomeada pola Asociación de mulleres Dorna, e deberá axustarse ao perfil que se establece no Anexo III e recibir un curso específico de formación que impartirán as técnicas municipais do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller.

4.- Informar ás usuarias do Punto Informa da existencia dos servizos sociais municipais especializados como: Centro Municipal de Información dos Dereitos da muller, e Centro de Emerxencia, así como do apoio que presta a asociación “Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos”.

5.- Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias utilizando claves que convertan en anónimos os datos recollidos. Fixará limitacións de acceso ás mesmas e incluírá unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.

6.- Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que contemplen a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

7.- Presentar ante á concellería de Igualdade unha memoria semestral e anual que incluírá o análise da demanda recibida no punto informa, a atención prestada e a derivación dos casos en base aos criterios estadísticos e ítems de avaliación propostos pola concellería de Igualdade.

8.- A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación de Mulleres Dorna non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

9.- As obrigas da Asociación de Mulleres Dorna, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1º.- Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e o Centro de Emerxencia.

2º.- Incluír este servizo entre os servizos especializados no eido da promoción da muller que difunda mediante campañas de publicidade.

3º.- Conceder directamente á Asociación de Mulleres Dorna, unha subvención por importe de 19.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da

colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

A primeira, por importe de 6.000,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.

A segunda por importe de 6.000,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

A terceira por importe de 7.000,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.

Antes de proceder acada pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80 % do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

**Sétimo.-** Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola Concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

1. A presidenta e coordinadora da Asociación de Mulleres Dorna
2. Unha técnica da Asociación de Mulleres Dorna
3. A xefa do Servizo Municipal de Igualdade.
4. Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller

**Oitavo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible o logo da Concellería de Igualdade e do Concello de Vigo en canto material escrito e audiovisual se edite.

**Noveno.-** A beneficiaria, no prazo de tres meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por valor do 100% do importe da axuda concedida; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente ao importe que teña sido financiado coa subvención concedida, así como

declarar a procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que teñan sido financiados coa subvención concedida..

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, publicidade e os gastos de formación, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2011. Anexo V.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.



Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria semestral e outra anual sobre as actividades desenvolvidas no marco deste convenio.

**Décimo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2011.

**Décimo primeiro.-** A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención así como a axeitada xustificación da mesma será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade . A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporárase á conta xustificativa.

**Décimo segundo.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a concellería de Igualdade.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

**Décimo sexto.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD

887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2011.”

**16(349).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO, E O CONCELLO PARA O MANTEMENTO DA REDE DE MEDIADORAS DURANTE O ANO 2011. APROBAR O GASTO. EXPTE. 4814/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Igualdade, do 28.01.2011, conformado pola concelleira delegada de Igualdade, co informe do letrado asesor do 7.03.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 11.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º. Aprobar a sinatura do Convenio de colaboración entre a “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo” e o Concello de Vigo para o apoio ao mantemento da Rede de Mediadoras durante o ano 2011.

2º. Autorizar á concelleira de Igualdade para que o subscriba en nome do Concello de Vigo.

3º. Autorizar o gasto de 17.000,00€ (dezasete mil euros) con cargo á partida presupostaria “*Convenio coa Asociación Rede de mulleres veciñais contra os malos tratos de Vigo para o apoio á Rede de Mediadoras*” 2311 4890004 do orzamento vixente para facer fronte aos gastos derivados da execución do presente convenio.

4º. Aprobar o texto, que de seguido se di:

“ Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dous mil once

**REUNIDAS**

Dunha parte, dona Iolanda Veloso Ríos, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Igualdade do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegadas de Área.

Doutra, dona María Rosario Otero Rodríguez, como presidenta da asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, con CIF nº G36928646 e enderezo social na rúa Oliva, 12 Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación da súa secretaría que figura na documentación do expediente núm. 4814 -224.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

**I.-** Que desde o ano 1997 un grupo de mulleres vinculadas ao movemento veciñal ven traballando de xeito solidario na prevención e axuda ás mulleres maltratadas. No mes de novembro de 2003, esta rede de mulleres constitúese nunha Asociación independente e autónoma baixo o nome “Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo” formalizando a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e do Concello de Vigo.

Esta asociación a forman un grupo organizado de mulleres vinculadas ás asociacións veciñais que apoian e acompañan ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, constituíndose nun referente social de denuncia e de mobilización contra a violencia de xénero. As mulleres que forman parte da rede traballan de xeito voluntario como mediadoras e reciben unha formación específica impartida por profesionais do ámbito psico-social, xurídico, e policial.

Os fins da Rede de mulleres veciñais, como contemplan os seus estatutos, son entre outros:

- .- Traballar na prevención dos malos tratos
- .- Asistir ás mulleres maltratadas en todas as situacións que sexa necesario
- .- Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por razón de xénero, defender os dereitos e intereses das mulleres maltratadas.
- .- Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres realizando os estudos e proponendo as medidas políticas precisas aos órganos da administración.

**II.-** Que o Concello de Vigo conta cunha rede de servizos e recursos específicos para as mulleres. Por unha banda, existe un centro de atención global e específica á muller, que é o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, onde diferentes profesionais reciben as demandas e traballan directa e planificadamente coas mulleres e unha rede municipal de acollemento, de recente creación, formada polo Centro de Emerxencia e por tres vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero. Por outra banda, Vigo é unha cidade historicamente estruturada en barrios cunha dinámica e servizos comunitarios propios e descentralizados (culturais, asociativos, de saúde...), onde as mulleres teñen representatividade formal e informal na vida cotiá do barrio a través de asociacións de base que lles permiten o coñecemento a fondo da realidade.

Considerando que os fins da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo cumpren os obxectivos da concellería de Igualdade en prol da igualdade de oportunidades e máis especificamente contra a violencia que sofren as mulleres, valórase oportuno que o Concello de Vigo apoie esta iniciativa de carácter solidario baixo a fórmula dun convenio de colaboración.

**III.-** Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 2311 4890004 prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 17.000,00€, a favor da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo .

**IV.-** Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concédente, as intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é apoiar o mantemento da entidade e o desenvolvemento de actividades da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo durante o exercicio 2011.

**V.-** Que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo non está incurso na prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, segundo resulta da declaración responsable que figura no expediente 4814-224. Anexo III. Que a Asociación achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das certificacións que figuran no citado expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo , o Concello de Vigo e dita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito da promoción da igualdade e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

### **PACTOS**

**Primeiro.-** O obxecto deste convenio é apoiar á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo segundo os obxectivos e actividades que desenvolve dita asociación durante o exercicio 2011, segundo o programa que se incorpora ao convenio como Anexo I.

As accións obxecto deste convenio están dirixidas a todas as mulleres de Vigo que sofren violencia de xénero e que manifesten o seu desexo de ser axudadas pola Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo.

A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade no marco deste convenio e dotará ás mulleres voluntarias da entidade de aqueles mecanismos sociais de apoio a vítima, para asistir os casos de vítima de violencia de xénero; especialmente ó colectivo de mulleres usuarias da rede municipal de acollemento: Centro de Emerxencia e vivendas de protección, xa que estas mulleres deron un paso de vital importancia para saír dunha situación de violencia e agora necesitan o máximo apoio e reforzo para superar esta difícil situación. A Rede de Mulleres Veciñais, como organización non lucrativa, comprométese, ademais das actividades que xa leva a cabo recollidas no anexo I, co colectivo de referencia (mulleres usuarias dos dispositivos de acollemento), ampliar as súas competencias a todo tipo de acompañamentos como poden ser: consultas médicas, actividades de lecer, sociais, relacionais, comunicativas, etc.

Un dos obxectivos perseguidos pola Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo é o fortalecemento persoal da vítima paliando a soedade e angustia, transmitíndolle apoio e confianza, co fin de acadar a integración da muller en todos os ámbitos da vida.

Procederáse á atención e acompañamento necesario aínda que as mulleres non sexan veciñas de Vigo nos casos derivados polos servizos municipais: Centro de Emerxencia e Centro Municipal de Información dos Dereitos das Mulleres.

A Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo comprométese a colaborar coa concellería de Igualdade do Concello de Vigo concretamente, a:

- 1.- Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando a infraestrutura e o equipo humano necesario para tal fin, así como cumprir o programa que figura como Anexo I.
- 2.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización destas actividades e obter todos os permisos e autorizacións para a súa realización.
- 3.- Garantir o dereito á confidencialidade das beneficiarias utilizando claves que convertan en anónimos os datos recollidos. Fixará limitacións de acceso ás mesmas e incluírá unha cláusula de confidencialidade nas persoas que traballen ou colaboren na Asociación.
- 4.- Todas as actividades desenvolvidas pola Asociación na execución deste convenio deberán estar amparadas ou cubertas de toda clase de continxencias derivadas da referida execución, por efecto dela ou con ocasión da mesma; a través das necesarias relacións de aseguramento, social ou privado, que

contemplan a asistencia sanitaria, accidentes de traballo e demais prestacións do sistema de seguridade social así como da posible responsabilidade civil.

5.- A persoa ou persoal que preste servizos na Asociación Rede de Mulleres Veciñais non manterá relación laboral nin contractual co Concello de Vigo.

6.- As obrigas da Asociación rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, como beneficiaria da axuda, serán, ademais das estipuladas nos apartados anteriores, as consignadas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

**Segundo.-** O Concello de Vigo, pola súa parte comprométese a:

1º.- Aportar a documentación técnica precisa como a guía de recursos e a atención profesional especializada a través do persoal do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e o Centro de Emerxencia.

2º.- Incluír este servizo entre os servizos especializados no eido da promoción da muller que difunda mediante campañas de publicidade.

3º.- Conceder directamente á Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, unha subvención por importe de 17.000,00€ co obxecto de coadxuvar á financiación da colaboración no ámbito da promoción da igualdade e do tratamento contra a violencia de xénero.

**Terceiro.-** Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

**Cuarto.-** O Concello de Vigo abonará o importe da axuda en tres partes:

A primeira, por importe de 5.000,00€ coa firma do presente convenio, anticipo motivado para facer fronte aos gastos xerados polo comezo das accións desta entidade sen ánimo de lucro.

A segunda por importe de 6.000,00€ no mes de xuño, previa a entrega do informe de avaliación das actividades e xustificantes orixinais de gasto polo importe a aboar.

A terceira por importe de 6.000,00€ no mes de decembro previa a certificación do departamento de igualdade acreditando o cumprimento do convenio unha vez se achegue a memoria anual da asociación e xustificantes orixinais de gasto do resto da subvención pendente de xustificar.

Antes de proceder acada pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

**Quinto.-** Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou

elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Sexto.-** A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 80% do importe da actividade subvencionada.

A entidade non pode concertar con terceiros/as a execución das actividades que constitúen a prestación voluntaria e solidaria dos acompañamentos ás mulleres vítimas de violencia. A beneficiaria está autorizada a concertar con terceiros/as as actividades que non sexan prestacións de carácter persoal, como son: actividades de formación, desprazamentos, publicidade..., segundo o previsto no artigo 29 da Lei Xeral de Subvencións.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de subvenciones de Galicia.

**Sétimo.-** Para o seguemento e avaliación do presente convenio de colaboración establécese unha comisión de seguemento e avaliación que, presidida pola concelleira de Igualdade estará formada, previo nomeamento da Presidenta, por:

5. A presidenta e coordinadora da Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos de Vigo ou persoas en quen deleguen.
6. A xefa do Servizo Municipal de Igualdade.
7. Unha técnica do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller

Actuará como secretario/a da comisión un/ha dos/as vogais designado/a por ésa.

**Oitavo.-** A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inserción en lugar visible o logo da concellería de Igualdade e do Concello de Vigo en canto material escrito e audiovisual se edite.

**Noveno.-** A beneficiaria, no prazo de tres meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos por valor do 100% do importe da axuda concedida; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente á contía da subvención concedida, así como declarar o importe, procedencia e a aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiarán tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pago dos gastos incorridos que fosen financiados coa axuda concedida nesta convocatoria.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron

satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampinado da factura orixinal, indicando no estampinado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampinado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

A axuda do Concello de Vigo incluírá tanto os consumos (teléfono, luz, distribución postal) como o abono de salarios, publicidade e os gastos de formación e desprazamento das mediadoras, atendendo ao especificado no orzamento elaborado pola entidade para o ano 2011. Anexo II.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo cos principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

Xunto coa documentación relativa á conta xustificativa, a entidade achegará unha memoria semestral e outra anual sobre as actividades desenvolvidas no marco deste convenio.

**Décimo.-** Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2011.

**Décimo primeiro.-** A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión desta, será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade. A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto acreditando o cumprimento do convenio ou facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada. O informe do órgano xestor incorporárase á conta xustificativa.

**Décimo segundo.-** A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

**Décimo terceiro.-** Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

**Décimo cuarto.-** Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

**Décimo quinto.-** A beneficiaria está informada de que os seus datos serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

**Décimo sexto.-** A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2011.”

**17(350).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCIONS DA CONCELLERÍA DE IGUALDADE PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA MULLER NO ANO 2011. EXPTE. 4351/224.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do servizo de Igualdade, do 15.03.2011, conformado pola concelleira delegada de Igualdade, co informe do letrado asesor do 7.03.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 14.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- a) Aprobar a Convocatoria específica da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para programas e actividades de promoción da muller realizadas durante o exercicio 2011.
- b) Autorizar un gasto por importe máximo de 90.000 €, con cargo á partida 2311 4890000 do orzamento vixente para o ano 2011, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria.”



**Bases Reguladoras e Convocatoria Específica de Subvencións da Concellería de Igualdade para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción da muller no ano 2011**

---

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25, 26 e 28 confire ás administracións locais competencias no eido da Muller, e a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes impón aos poderes públicos que establezan medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.

En relación cos proxectos encamiñados ao fomento e consolidación do asociacionismo feminino, á promoción da muller en todos os ámbitos da vida pública e privada, así como na prevención e combate da violencia de xénero, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2011 consignan, na partida orzamentaria 2311 4890000 “*subvencións da Concellería de Igualdade*” un crédito por un importe total de 90.000,00€ (Noventa mil euros); crédito orzamentario, que o Concello de Vigo a través da Concellería de Igualdade destina a colaborar no financiamento de programas e actividades de promoción da muller.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrència e obxectividade.

As bases e convocatoria que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

**PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

I) Finalidade e período de realización:

O obxecto das subvencións ao que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento de actividades das entidades sen ánimo de lucro que se realicen desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2011 e cuxa finalidade sexa:

1. Atender as **demandas e necesidades das mulleres establecidas como prioridade no “4º Plan integral de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2009/2012”** do Concello de Vigo. Tendo en conta os obxectivos establecidos en cada unha das súas 5 áreas de actuación: Educación en Igualdade, Conciliación e Corresponsabilidade, Participación Económica, Violencia de Xénero e Atención á Diversidade.

(*pódese consultar o documento do IV Plan na web: [www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org)*)

2. Promover o investimento de recursos sociais **en accións positivas para as mulleres**, que favorezan o acceso e permanencia das mulleres naqueles ámbitos onde se atopan subrepresentadas. Promovendo por exemplo: accións formativas en áreas e/ou sectores con escasa presenza feminina, acceso e permanencia de mulleres en postos de responsabilidade ou establecemento de medidas, accións e/ou dispositivos que visibilicen e faciliten a participación das mulleres pertencentes a colectivos en risco de exclusión.

3. Organizar e promover **actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas**, dirixidas á **poboación masculina**.

4. **Potenciar o asociacionismo feminino**, a participación activa das mulleres nos órganos de toma de decisións das asociacións, así como a participación das mulleres en todos os ámbitos de actuación das organizacións.

**5. Impulsar a apertura de novas canles de intervención a favor das mulleres** no eido socio-laboral, educativo e familiar, evitando perpetuar os roles tradicionalmente sexistas. Desenvolvendo tanto actividades de sensibilización, como proxectos con actuacións innovadoras que propicien eliminación de roles e estereotipos de xénero.

**6. Favorecer actividades de investigación, educativas e/ou culturais encamiñadas a recuperar a memoria histórica das mulleres de Vigo.**

## II. Ámbito

O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo.

Poderán subvencionarse excepcionalmente actividades fóra do municipio de Vigo (programas de intercambio con outras asociacións, asistencia a cursos, congresos, etc) debidamente xustificadas e sempre que teñan relación cos obxectivos da convocatoria.

## III. Destinatarias das accións

Cando se trate de cursos de ocio e tempo libre, formación e/ou similares, as destinatarias últimas deberán ser mulleres. Cando estas xornadas ou cursos teñan como obxectivo: informar, concienciar e formar no eido da perspectiva de Xénero e a Igualdade de Oportunidades poderan incorporarse homes ao alumnado.

Asemade, tal e como recolle o apartado 3 do punto anterior, poderanse subvencionar proxectos dirixidos exclusivamente á poboación masculina que promovan actividades en ámbitos e/ou áreas tradicionalmente feminizadas.

## **SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.**

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado corresponden á participación ou organización da/s actividade/s obxecto da axuda.

As entidades que presenten a esta convocatoria proxectos para a realización de cursos, xornadas ou similares, terán en conta que serán gastos subvencionables os soldos ou honorarios do persoal docente e os correspondentes gastos de seguros sociais.

Asemade, poderanse imputar gastos de actividade de coordinación, que deberá ser realizada por persoa física distinta da encargada da impartición do proxecto formativo, sempre e cando se xustifique a súa necesidade. Cando a persoa que realiza a coordinación sexa persoal contratado con anterioridade pola entidade solicitante, non se poderá imputar máis do 20% da remuneración líquida mensual do período que abrangue a realización do proxecto.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando, tratándose de gastos por subministros ou servizos, excedan estes de 12.000 €, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

A contía de cada subvención poderá chegar ata o 100% do custo da actividade.

A subvención concedida financia a actividade no seu conxunto; a desagregación do orzamento que se debe detallar no apartado 4. do anexo II só ten efectos informativos non sendo vinculante de cara á xustificación da actividade subvencionada.

## **TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.**

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 90.000,00 euros (noventa mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria para o exercicio de 2011; 2311 4890000 “Subvencións da concellería de Igualdade”.

#### **CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.**

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

#### **QUINTA. - REQUISITOS DAS BENEFICIARIAS.**

Poderán solicitar e obter estas axudas :

- a) As entidades e asociacións sen finalidade de lucro, públicas ou privadas domiciliadas no termo municipal de Vigo, que realicen actividades de interese municipal e se atopen debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.
- b) As entidades e asociación sen finalidade de lucro, públicas ou privadas, que, aínda que non estean domiciliadas no municipio de Vigo, realicen actividades de interese municipal dentro do termo municipal ou en beneficio deste.
- c) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
- d) Que dispoñan de estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para o logro de tales obxectivos.

Quedan excluídos expresamente desta convocatoria os seguintes proxectos:

- a) Aqueles que para a mesma finalidade, foron solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo.
- b) Aqueles que teñan unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo.
- c) Aqueles que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.
- d) Aqueles de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- e) Aqueles que inclúan actividades docentes previstas nos planes de ensino vixentes.
- f) Aqueles que inclúan os gastos xerais das entidades solicitantes relativos á administración , xestión, financiamento, adquisición de patrimonio, investimentos e equipamento, mantemento ou alugueiro do local social.
- g) Aqueles que non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos da convocatoria.
- h) Cando a Comisión de Valoración, logo de valorar os programas presentados conforme aos criterios sinalados na Base Sétima, formule unha proposta de concesión de subvención para un proxecto por importe superior a 1.500,00€ poderá denegar outro/s proxecto/s presentado/s pola mesma entidade aínda que reúna/n os criterios e requisitos establecidos nestas bases.

3. As solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursas nas prohibicións para ser beneficiaria da subvención previstas no dito artigo. En consecuencia, as entidades solicitantes entregarán unha declaración de non estar incursas nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

4. As solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións. Estas certificacións poderán ser substituídas por unha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

5. Igualmente as solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas para co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo ós departamentos administrativos responsables.

#### **SEXTA.- OBRIGAS DAS BENEFICIARIAS.**

Serán obrigas das beneficiarias das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1º.- Levar a cabo a proposta que fundamenta a concesión da axuda na forma, prazo e termos establecidos na solicitude, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, dereitos de autoría, etc...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.

2º.- Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3º.- Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista en todo o soporte material e audiovisual que se empregue para a organización, difusión e execución das súas actividades.

4º.- Utilizar imaxes non estereotipadas, que visibilicen o aporte das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

5º.- Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario.

6º.- Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.

7º.-Asumir as responsabilidades que poidan derivarse da realización dos programas e actividades.

8º.-Solicitar e dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

9º.-Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor/a e todos os demais gastos derivados da realización das actividades para as que se solicita a subvención

10º.-A lingua que se empregará, nos distintos soportes de difusión da actividade, será o galego dentro do ámbito territorial de Galicia. A Concellaría de Igualdade estudará cal sería a lingua a empregar para a difusión noutros ámbitos territoriais. En todo caso, actuaríase conforme á Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Vigo.

11º.- As demais obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións e o R.D 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei.

#### **SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN.**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e se tramitarán en réxime de concorrència competitiva, tendo sempre como límite as disponibilidades orzamentarias da concellería de igualdade destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, logo de excluír as solicitudes segundo o estipulado no punto 2 da base Quinta, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremos de puntuación sobre un máximo de 50 puntos

a) Calidade do proxecto e adecuación aos obxectivos recollidos na cláusula Primeira das bases.

- Calidade do proxecto (valorarase a rigorosidade, o equipo de traballo presentado, coherencia e viabilidade do proxecto): 0 a 10 puntos

- Por recoller o proxecto algún dos obxectivos e accións contempladas no *IV plan integral de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes de Vigo*: Ata un máximo de 10 puntos.

b) Características do proxecto:

c)      Ámbito de aplicación (0 a 5 puntos)

d)      Número de beneficiarias (0 a 5 puntos)

e)      Participación de voluntariado (0 a 5 puntos)

c) Traxectoria da entidade e grao de implicación nas actividades da concellería de igualdade. Ata 10 puntos

Valorarase tendo en consideración o tempo que leve a entidade participando activamente a prol da igualdade e a asistencia e colaboración nas actividades propias da concellería de igualdade polas directivas, socias e persoas colaboradoras da entidade solicitante.

d) O emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita subvención, segundo o previsto no artigo 20.2º l) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia: 5 puntos. Para ter en consideración este criterio será necesario que a entidade solicitante aporte declaración asinada pola/o representante da entidade conforme se compromete á utilización da lingua galega en todo o desenvolvemento da/s actividade/s obxecto da subvención.

A Comisión de Valoración encargada da avaliación dos proxectos terá en consideración os datos aportados pola entidade xunto co seu propio coñecemento a través dos datos existentes no servizo de Igualdade do Concello de Vigo.

#### **OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIÓNS.**

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiaria, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións, en función da puntuación acadada no proceso de avaliación que se realizará en función dos criterios previstos na Base Sétima.

#### **NOVENA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrència competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

#### **DÉCIMA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.**

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 20 días naturais, contados dende o día seguinte a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.**

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos ao dito expediente.

A instancia de solicitude será asinada pola representante legal da entidade peticionaria e presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común e dirixida ao Excmo. Sr. Alcalde, segundo modelo normalizado (Anexo I). Presentarase unha única solicitude para todos os proxectos solicitados.

Xunto coa instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

1) Proxecto de actividades a favor das mulleres para as que se solicita subvención (Anexo II) xunto co informe desagregado de ingresos e gastos da actividade. Encherase tantas veces como número de proxectos se soliciten. No caso de presentar proxectos de formación ou xornadas e charlas deberá achegarse currículo do profesorado ou das relatoras ou relatores segundo o caso.

2) Memoria de actividades a favor das mulleres que desenvolveu a entidade durante o ano 2010, esta deberá vir asinada polo/a representante da entidade.

3) Fotocopia do CIF da entidade solicitante.

4) Certificado da titularidade da conta bancaria a favor da entidade solicitante expedido cunha antigüidade inferior a seis meses.

5) Certificado que acredite que a entidade solicitante está ao día nas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Seguridade Social e o Concello de Vigo. Estas certificacións poderán ser substituídas por unha declaración responsable da entidade solicitante como réxime simplificado desta acreditación (punto 5 do Anexo III).

6) Declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (punto 4 do Anexo III).

7) Declaración das solicitudes de subvención realizadas ou concedidas a outros organismos e institucións públicas ou privadas dos proxectos para os que se solicitan as subvencións (punto 3 do Anexo III).

8) Declaración da secretaría da entidade na que conste quen ten a condición de representante legal da entidade (punto 1 do Anexo III).

**DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.**

Consonte co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, a solicitante será requirida para que complete a documentación ou subsane a deficiencia no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente sen máis trámite.

**DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.**

### **1.- Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.**

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), unha vez sexa aprobada pola Xunta de Goberno Local.

### **2.-Publicidade das subvencións concedidas.**

As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.

Ademais desta publicación para as axudas de contía igual ou superior a 3.000 €, o listado de tódalas axudas que se concedan será publicado, coas devanditas indicacións, na páxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org) e exposto no taboleiro de anuncios do Concello

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concillería de Igualdade e na propia paxina web do Concello de Vigo.

### **3.-Publicidade do financiamento público.**

As entidades beneficiarias das subvencións deben informar e publicitar as actividades e servizos subvencionados, facendo constar nun lugar destacado dos diferentes soportes a lenda “Colabora a Concillería de Igualdade- Concello de Vigo”, coa a inclusión do logotipo e anagrama que se pode descargar da paxina web da concellería de igualdade [www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org). Se no financiamento interveñen outras entidades, a prelación en orde e tamaños será proporcional á contía achegada por cada unha delas.

### **DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.**

A Concillería de Igualdade será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co previsto no art. 24 da Lei xeral de subvencións.

De conformidade co disposto na Base Sétima a Comisión de Valoración avaliará as solicitudes de subvención para cada un dos programas presentados. Esta Comisión é o órgano colexiado composto pola concelleira delegada de Igualdade, que actuará como presidenta, a xefa do servizo de Igualdade e unha funcionaria da mesma área que actuará como secretaria.

A Comisión Avaliadora, a través da Concillería de Igualdade, como órgano instrutor, formulará a proposta de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instrutor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a elas. (artigo 21.4 parágrafo 6 da lei de subvencións de Galicia).

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de

presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello, e a súa resolución notificarase ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses máis. Transcorrido este último prazo unicamente poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entende desestimado.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo máximo de 15 días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Igualdade a aceptación ou renuncia das axudas. Xunto coa aceptación deberá comunicar os seguintes datos:

- Calendario, horario e local de realización da actividade.
- No caso de programas subvencionados que inclúan diversas actividades indicárase a/s actividade/s subvencionada/s que serán obxecto da xustificación por parte da entidade.

#### **DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.**

As beneficiarias non poderán subcontratar con terceiros/as a actividade subvencionada.

#### **DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONS.**

O prazo para xustificar as subvencións concedidas remata o 31 de xaneiro de 2012. As beneficiarias das subvencións deberán xustificar antes do 31 de xaneiro de 2011 o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido este prazo perderase o dereito a percibir a subvención.

A xustificación deberá realizarse polo 100% do importe da axuda concedida mediante rendición de conta xustificativa que comprende unha memoria de actuación, unha memoria económica (relación de gastos e achegas de facturas) e os Anexos IV debidamente cubertos.

Ao efecto de xustificar a subvención as beneficiarias deberán achegar:

- 1) **Memoria de actuación** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos asinada pola persoa responsable da actividade, e na que figurará, a seguinte información:
  - a. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
  - b. Datas e lugar de celebración.
  - c. Datos sobre as participantes: número, perfil, etc. e explicación do desenvolvemento da actividade.



d. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación das mulleres participantes e do/a monitor/a cos seus apelidos e nome, e número de teléfono.

e. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada; en caso de non terse editado ningún material publicitario deberá indicarse este extremo.

2) **Declaración xurada** da entidade perceptora segundo o Anexo IV-1, acreditativa dos seguintes extremos:

8. Percepción doutras axudas ou subvencións para os proxectos subvencionados.

9. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.

10. Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

11. Estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, o concello de Vigo e coa Seguridade Social e declarar se a entidade está exenta ou non do IVE.

3) **Unha memoria económica** xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

a. Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do/a acreedor/a e do documento, o seu importe, e data de emisión. (achegando un Anexo IV-2 por cada programa a xustificar)

b. Facturas orixinais, polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:

(a) Número e no seu caso serie.

(b) Nome e apelidos ou denominación fiscal.

(c) Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)

(d) Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.

(e) Lugar e data de emisión.

(f) Nas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique se está exenta de IVE; as facturas emitidas por profesionais levarán a pertinente retención do IRPF.

Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios/as e profesionais.

Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o selado (art. 73 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando na mesma o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida, indicando neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará ao expediente copia do xustificante orixinal selado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por eses conceptos.

Nas subvencións concedidas a entidades dependentes ou relacionadas á Universidade a xustificación poderá consistir na certificación da intervención ou órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

En xeral os documentos xustificativos deberán corresponderse con gastos relacionados de forma directa ao exercicio 2011, e non deberá constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinada nesta convocatoria.

Os custos indirectos formarán parte da xustificación da subvención, sempre que se imputen á actividade subvencionada na parte que razoablemente corresponda de acordo con principios e normas de contabilidade xeralmente admitidas e, en todo caso, na medida na que tales custos correspondan ao período no que efectivamente se realiza a actividade.

**4) Calquera outra documentación** que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

#### **DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.**

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Igualdade, A xefa do servizo de Igualdade emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

#### **DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.**

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Igualdade e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

#### **DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez rematen os programas obxecto da subvención e sexan debidamente xustificadas.

Procederase ao pago parcial ou redución proporcional do importe nos seguintes casos:

1. Cando o gasto xustificado sexa inferior ao 100 % do importe da contía da axuda concedida.
2. Pola obtención de maior financiamento do previsto no proxecto.
3. Polo incumprimento das obrigas da entidade beneficiaria.

As subvencións serán compatibles con calquera tipo de axuda concedida por diferentes administracións ou entes públicos ou privados, excepto con outras axudas concedidas polo Concello de Vigo para o mesmo obxecto e finalidade. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención, concorrente das subvencións por outras administracións, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, xa que ao tratarse dunha subvención, os ingresos non poden ser superiores aos gastos.

A resolución-liquidación da axuda, co aboamento do pago parcial ou proporcional correspondente, será competencia da Concelleira delegada de igualdade.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

## **VIXÉSIMA.- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

### **1.-Perda do dereito ao cobro**

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causa previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

### **2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións**

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer as entidades beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

## **VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

Os datos das solicitantes e as das súas representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei

15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Igualdade do Concello de Vigo.

**VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

A presente convocatoria rexerese pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2011, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**18(351).- ACLARACIÓN DA MODIFICACIÓN DA REVISIÓN DE PREZOS DO SERVIZO DE CONTENERIZACIÓN, RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RECICLADORES APROBADO POLA XGL O 23.12.2010. EXPTE. 19084/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Limpeza, do 22.02.2011, conformado pola concelleira delegada, co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización do 15.03.2011, conformado na mesma data polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aclarar que o importe aprobado en data 23 de decembro do 2010 para a revisión de prezos do contrato da concesión administrativa do servizo de Contenerización, Recollida e transporte a Recicladores autorizados dos Residuos Sólidos Urbanos reciclables da Cidade de Vigo, adxudicado polo Pleno deste concello en sesión de 1 de agosto de 2003, na cantidade de 2.041.040,23 €/ano rexerá entre as datas 1 de outubro do 2008 e o 30 de xuño do 2010, modificándose este importe a nova cantidade de 2.060.115,36 €/ano IVE (8%) engadido a partir do día 1 de xullo do 2010.

**19(352).- ADECUACIÓN DO ACORDO DA XGL DE 29.12.2010, NO QUE SE APROBOU A 5ª REVISIÓN ORDINARIA DE PREZOS DO CONTRATO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS, LIMPEZA VIARIA E DE PRAIAS Á EMPRESA FCC, S.A. EXPTE. 19086/240.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do servizo de Limpeza, do 14.03.2011, conformado pola concelleira delegada, co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización do 15.03.2011, conformado na mesma data polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

Modificar o importe aprobado para a 5ª Revisión ordinaria de Prezos do Contrato de recollida de residuos sólidos urbanos, limpeza viaria e limpeza de praias, cuxa adxudicataria

é a empresa FCC, S.A., establecendo o importe na cantidade de 22.346.326,70 €/ano IVE (8%) engadido a partir do día 1 de xullo do 2010, aclarando que o importe aprobado en data 29 de decembro do 2010, na cantidade de 22.017.188,83 €/ano, rexeirá entre as datas 1 de xuño do 2008 ata o 30 de xuño do 2010, modificándose este importe á nova cantidade a partir do día 1 de xullo do 2010.

**20(353).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA NOS MESES DE XANEIRO E FEBREIRO DE 2011. EXPTE. 1238/334.**

Dáse conta dos expedientes de contrato menor tramitados no servizo de Normalización Lingüística nos meses de xaneiro e febreiro de 2011, segundo informe da técnica do SNL do 11.03.3011.

Expediente	1213/334. Realización de conferencias, seminarios, xornadas
Decreto concelleira	data 28 de xaneiro de 2011
Informe Intervención	RC 6320
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	7.000,00 euros

Expediente	1215/334. Traballo de coordinación do programa "En galego tamén noutros mundos"
Decreto concelleira	data 3 de febreiro de 2011
Informe Intervención	RC 8800
Adxudicatario	Carolina Díaz García-Muñoz
Importe	4.777,97 euros

Expediente	1218/334. Docencia curso de lingua galega para inmigrantes
Decreto concelleira	data 10 de febreiro de 2011
Informe Intervención	RC 11046
Adxudicatario	Lorena Carrasco Joaquín
Importe	840,00 euros

Expediente	1221/334. Adquisición do xogo de computador Galeoke
Decreto concelleira	data 18 de febreiro de 2011
Informe Intervención	RC 12177
Adxudicatario	Martín Vázquez Cabanas
Importe	6.000,30 euros

Expediente	1222/334. Deseño láminas para as unidades didácticas
------------	--

Decreto concelleira	data 18 de febreiro de 2011
Informe Intervención	RC 15475
Adxudicatario	José Carreiro Montero
Importe	2.500,00 euros

Expediente	1223/334. Gastos protocolarios
Decreto concelleira	data 21 de febreiro de 2011
Informe Intervención	RC 15474
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	3.000,00 euros

Expediente	1224/334. Contacontos "Pepiña Maruxiña quería voar"
Decreto concelleira	data 22 de febreiro de 2011
Informe Intervención	RC 15473
Adxudicatario	Manuel Castro Lima
Importe	5.310,00 euros

Expediente	1225/334. Obradoiros didácticos para escolares vigueses
Decreto concelleira	data 24 de febreiro de 2011
Informe Intervención	RC 17087
Adxudicatario	ORAL de Galicia
Importe	7.500,00 euros

Expediente	1227/334. Deseño e implementación do proxecto interxeracional "Bibliotecas Vivas: Os Tesouros Vivos"
Decreto concelleira	data 28 de febreiro de 2011
Informe Intervención	RC 16430
Adxudicatario	Antaxurada, S.L.
Importe	7.820,28 euros

**21(354).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN DE FINANCIAMENTO E DEMAIS REQUISITOS ESTABLECIDOS NA ORDE, Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA REFORZAR O SNL E PARA PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN. EXPTE. 1240/334.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica do servizo de Normalización Lingüística, do 15.03.2011, conformado pola concelleira delegada da área, a Xunta de Goberno Local acorda:

"A aprobación da solicitude de subvención, e aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, á Secretaría Xeral de Política Lingüística para reforzar o SNL (contratación de persoal técnico para o SNL por un total de 10 meses) e para Programas de dinamización por un total de 70.000 euros, distribuídos do seguinte xeito: 30.000 euros para a contratación de persoal e 40.000 euros para os programas de dinamización lingüística."

**22(355).- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO A DOUS POLICÍAS LOCAIS POLA PRESUNTA COMISIÓN DE FALTAS DISCIPLINARIAS GRAVES. EXPTE. 34627/212.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do adxunto xurídico da Policía Local e do secretario, do 1.03.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Incoar expediente disciplinario contra o policía José María Bello Roca, con carné profesional nº 82 pola presunta comisión dunha falta disciplinaria grave consistente na “grave desconsideración cos superiores, compañeiros, subordinados ou cidadáns, no exercicio das súas funcións ou cando cause descrédito notorio á Institución Policial” e outra leve consistente en “a incorrección cos cidadáns, ou con outros membros dos Corpos e Forzas de Seguridade, sempre que non merezan unha cualificación máis grave”, tipificadas nos artigos 8. A) e 9. B), respectivamente, da Lei Orgánica 4/2010, de 20 de maio.

2º.- Incoar así mesmo, expediente disciplinario contra o policía D. Diego Souto Sánchez, con carné profesional nº 98 pola presunta comisión dunha falta disciplinaria grave consistente na “grave desconsideración cos superiores, compañeiros, subordinados ou cidadáns no exercicio das súas funcións ou cando cause descrédito notorio á Institución Policial”, tipificada no art. 8. A) da Lei Orgánica 4/2010, de 20 de maio.

3º.- A efectos da tramitación do expediente que se nomee instrutor ao Adxunto Xurídico da Policía Local, D. Antonio Vivero Mijares, e secretario ao funcionario de carreira da Policía Local con posto de traballo de Inspector Principal, D. Alberto Carballo Acuña.

4º.- Ordenar a incorporación das actuacións practicadas nestas dilixencias ao expediente disciplinario.

**23(356).- DAR CONTA DOS EXPEDIENTES DE CONTRATO MENOR TRAMITADOS NO SERVIZO DE SANIDADE NO MES DE XANEIRO 2011. EXPTE. 12150/310.**

Dáse conta dos expedientes de contrato menor tramitados no servizo de Sanidade no mes de xaneiro 2011, segundo informe da xefa do servizo de Sanidade, do 7.03.2011.

Expte	Partida	Tipo	Asunto	Adxudi catario	Data Decreto	Data RC	Importe
12105/310	31342279900	SERV	Coordinación Concello saudable	360993 55G	03/01/11	24/01/11	5.184,00 €
12106/310	31342279900	SERV	Dietista Concello saudable	361649 87V	03/01/11	24/01/11	19.437,04 €
12118/310	31342279900	SERV	Actividades físicas en centros veciñais	B27724 426	24/01/11	04/02/11	14.322,96 €

**24(357).- DAR CONTA DO EXPEDIENTE DO PADRÓN DO IMPOSTO DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA 2011. EXPTE. 1639/500.**

Dáse conta do expediente do padrón do Imposto de Vehículos de tracción mecánica 2011, segundo o informe-proposta da adxunta directora de Ingresos, do 11.03.2011, conformado polo Interventor Xeral e pola concelleira delegada de Economía e Facenda, que di o que segue:

“De acordo coa Base de Datos de Vehículos existente nos Servizos Tributarios do Concello actualizada dende a emisión do Padrón Fiscal de 2010 ata febreiro de 2011 coa información remitida pola Xefatura Provincial de Tráfico, xunto coa documentación complementaria aportada polos suxeitos pasivos para aplicación de beneficios fiscais e a normativa do imposto prevista no RDL 2/2004 de 5 de Marzo (Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais) así como na ordenanza fiscal reguladora; **tense elaborado o presente Padrón fiscal do ano 2011 do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica para aprobación pola Concellería de Economía e Facenda.**

Non constan neste documento-padrón os recibos correspondentes aos ciclomotores e motocicletas de ata 125cc. que se ingresan polo procedemento de autoliquidación, segundo o artigo 8.2 da Ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica. O número de ciclomotores ascende na Base de Datos de Vehículos a 12.007 e o número de motos de ata 125cc. ascende a 8.612. Poderán ingresarse as cotas deste tipo de vehículos accedendo a través de [www.vigo.org](http://www.vigo.org) á Oficina Virtual Tributaria do Concello.

A diferenza neta no número de vehículos entre 2010 e 2011 ascende a 1.020 (0.58 % de incremento).

O Importe total do padrón do presente exercicio 2011 aumenta en 125.094,37 euros respecto do mesmo padrón do ano 2010. Aínda que o tipo impositivo incrementouse nun 1,5% por acordo plenario de 27 de setembro de 2010, o incremento é inferior debido o maior número de exencións e bonificacións recoñecidas.

No capítulo de beneficios fiscais que están aplicados no exercicio 2011, destaca o número de 5.537 vehículos exentos por razón de minusvalía do seu titular dos que 1.089 apróbanse neste documento. Destaca, igualmente, a bonificación do 75% na cota do imposto aprobada en sesión 29 de setembro de 2008 para vehículos novos, con emisións de CO2 inferiores a 120 g/km.



A minoración no importe total do padrón por aplicación de beneficios fiscais é a seguinte:

- minusvalía: 5.537 vehículos con un importe total de cota exenta de 560.460,40 euros.
- emisión CO2<120g/Km: 823 vehículos con unha cota exenta de 50.488,65 euros.

	2010	2011	Inc 10/11
IMPORTE PADRÓN	14.987.701,92 €	15.112.796,29 €	0,83%
Nº DE VEHÍCULOS PADRÓN	176.297	177.317	0,58%
Nº EXENCIONS POR RAZÓN DE MINUSVALIA	5.192	5.537	6,64%
IMPORTE EXENCIONS POR RAZÓN DE MINUSVALIA	517.179,65 €	560.460,40 €	8,37%
Nº EXENCIONS POR EMISIÓN CO2<120g/Km	746	823	10,32%
IMPORTE EXENCIONS POR EMISIÓN CO2<120g/Km	32.015,10 €	50.488,65 €	57,70%

Á vista do anterior, **PROPONSE A CONCELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA**, en virtude de decreto de delegacións da alcaldía de xullo de 2007 e conforme o artigo 63.2 da Ordenanza fiscal xeral **A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

1.- **Aproba-lo Padrón fiscal do imposto sobre vehículos de tracción mecánica** do ano 2011 que comeza coa inscrición do vehículo matricula 0554 BBB e remata coa inscrición do vehículo matricula ZA-41442-VE, polo importe total de **15.112.796,29 euros (Quince millóns cento doce mil setecentos noventa e seis euros con vintenoventa e seis céntimos)**, correspondentes a un total de 177.317 vehículos.

2.- **Aprobar a exención do imposto de vehículos de tracción mecánica** a 1.089 vehículos de titularidade de minusválidos que reúnen as condicións establecidas no artigo 4 apartado 1.5. da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada “2011 na columna B.FISC e cota 0”.

3.- **Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto** a 823 vehículos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4 b) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada “2011 na columna B.FISC e cota bonificada correspondente”.

4.- **Aprobar a bonificación do 75% da cota do imposto** a 19 vehículos híbridos que cumpren as condicións establecidas no artigo 4 apartado 4 a) da ordenanza fiscal vixente, e aparecen referenciados no documento padrón coa anotación individualizada “2011 na columna B.FISC e cota bonificada correspondente”.

A documentación xustificativa dos anteriores acordos de aprobación de beneficios fiscais que figuran nos apartados 2, 3 e 4 anteriores consta en expedientes individuais nas dependencias de xestión tributaria deste imposto e, así mesmo accesible aos interesados a través da “carpeta cidadá” da web do Concello.

5.- **Dar conta a XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do acordo anterior, de conformidade co citado artigo 63.2 . da Ordenanza fiscal xeral”

6.- **Proceder á exposición pública** durante o prazo de 15 días, producindo esta exposición os efectos de notificación das liquidacións das cotas que figuran consignadas para cada un dos contribuíntes, podéndose interpoñer contra ditos actos recurso potestativo de reposición ante o órgano que aproba este acordo ou ben directamente recurso ante o Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó de finalización do período voluntario de pago.”

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

**25(358).- APROBACIÓN INICIAL DO “ESTUDIO DE DETALLE (PARCELAS EN 4.3-IV 3.2) PARA EDIFICIO ESCOLA INFANTIL E VIVENDAS NO CAMPUS UNIVERSITARIO DE VIGO, PROMOVIDO POLA UNIVERSIDADE DE VIGO EN DESENVOLVEMENTO DO PLAN ESPECIAL DE EQUIPAMENTO DOCENTE E INFRAESTRUTURA VIARIA NO CAMPUS UNIVERSITARIO DE AS LAGOAS-MARCOSENDE. EXPTE. 11660/411.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 7.03.2011, conformado polo arquitecto municipal, director da oficina de Planeamento-Xestión e polo Xerente de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

**PRIMEIRO:** De conformidade cos informes técnicos que constan no Exp. nº 11660/411, aprobar inicialmente o «ESTUDIO DE DETALLE PARCELA PARA EDIFICIO ESCOLA INFANTIL E VIVENDAS NO CAMPUS UNIVERSITARIO DE VIGO» (Parcelas EN 4.3 – IV 3.2), promovido pola Universidade de Vigo en desenvolvemento do Plan Especial de Equipamento Docente e Infraestrutura Viaria no Campus Universitario de As Lagoas – Marcosende, e redactado polo arquitecto D. Xosé Carlos Rodríguez Otero.

**SEGUNDO:** Abrir un trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, mediante a publicación de anuncios no DOG e nun dos xornais de maior circulación da provincia, así como na sede electrónica do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)).

**TERCEIRO:** Notificar o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa indicación de que non é susceptible de recurso ningún por tratarse dun mero acto de trámite».

**26(359).- RECURSO DE REVISIÓN PARA DECLARACIÓN DE NULIDADE PARCIAL DA APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA “UA ROSALÍA DE CASTRO II”. EXPTE. 4989/401.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Admón. Xeral e do director da oficina de Planeamento-Xestión, do 3.03.2011, a Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Inadmitir a trámite o recurso de revisión presentado por D. Rodolfo Sánchez Jalda en representación de D<sup>a</sup>. Clotilde Alba Alonso e D<sup>a</sup>. Teresa e e D. Vito Saiz Alba con entrada no Rexistro xeral da XMU o 21.07.2010 (doc. 100098702) contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 14.02.2005 de aprobación definitiva do Proxecto de Compensación da UA Rosalía de Castro II, polos motivos que constan no informe proposta transcrito.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados, comunicándolles que contra el cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte a súa notificación, perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo.

#### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

#### **27(360).-ACEPTACIÓN DAS BASES PARA PARTICIPAR NO “PROGRAMA DIURNO DE CARACTER LÚDICO DE BALNEARIOS” ANO 2011. 60835/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social de persoas maiores e do xefe da área de Benestar Social, do 14.03.2011, conformado pola concelleira delegada da área, co fiscalizado de conformidade pola xefa do servizo de Fiscalización do 17.03.2011, conformado na mesma data polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

4. Aceptar as bases para participar no “Programa diúrno de carácter lúdico de balnearios” ano 2011, promovidos pola Deputación Provincial de Pontevedra e publicado no BOP nº 46, de martes 8 de marzo de 2011.  
O Concello de Vigo subvencionará 450 prazas a repartir 225 na campaña de primavera e 225 na campaña de outono.
5. Aprobar o prazo para a presentación de solicitudes no Concello de Vigo dende o 22 de marzo ata o 1 de abril de 2011 (ámbolos dous inclusive).
6. Unha vez adxudicadas ás prazas enviaranse á Deputación Provincial de Pontevedra, os listados nominais dos participantes por orden de puntuación de maior a menor,ase como o impreso de solicitude asinado debidamente cumprimentado e acompañado do DNI.
7. Autorizar o gasto de 14.400.00€ con cargo a partido 2310.2260902 -actividades maiores- que se destinará a aboar á empresa asignada pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra para organizar e xestionar os grupos aos distintos balnearios.

**28(361).-CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ASOCIATIONS E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA MANTEMENTO E REALIZACION DE ACTIVIDADES DA AREA DE SERVIZOS SOCIAIS 2011. 59009/301.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas de Servizos Sociais, do 5.01.2011, conformado pola concelleira delegada da área, co informe do letrado asesor do 7.03.2011, e co informe da xefa do servizo de Fiscalización do 14.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar a convocatoria específica para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para mantemento e para a realización de actividades da área dos servizos sociais, para o exercicio 2011
- 2.- Autorizar o crédito de 80.000 € con cargo á partida 2310.489.00.00 “Subvencións a asociacións, entidades, etc.” do vixente orzamento.

**BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES E ASOCIATIONS DE CARÁCTER SOCIAL, SEN ANIMO DE LUCRO, PARA MANTEMENTO E PARA A REALIZACION DE ACTIVIDADES DA AREA DOS SERVIZOS SOCIAIS NO ANO 2011**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 7/1985 reguladora de bases de réxime local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/97 de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.2.k), establecen a competencia dos municipios na prestación dos servizos sociais de carácter local, prestados polas entidades de iniciativa social e sen ánimo de lucro.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais no seu artigo 58 atribúelle as corporacións locais competencias en materia de servizos sociais, e no artigo 60, enumera as competencias concretas dos concellos na referida materia; dentro destas, o apartado c) di: “*a colaboración no fomento dos servizos sociais prestados por entidades de iniciativa social, así como a promoción de mecanismos de coordinación das actuacións realizadas por elas, evitando no posible a duplicidades e infrautilización dos equipamentos sociais*”. Asemade, no apartado f) do mesmo artigo recolle como competencia “*o fomento e a promoción da solidariedade e da participación da sociedade civil na prevención e intervención social no ámbito local*” Compre subliñar tamén que a lei de Servizos Sociais establece no seu Capítulo 1, unha nova estrutura do sistema galego de Servizos Sociais; así, a estrutura básica, segundo se establece no artigo 8 é en forma de rede, con dous niveis de actuación: a) *Servizos sociais comunitarios, que comprenden, a súa vez, dúas modalidades: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos.* b) *Servizos sociais especializados*

Co obxecto de fomentar as actividades das asociacións e entidades no ámbito dos servizos sociais e coadxuvar subsidiariamente o seu financiamento, o Concello de Vigo a través da Concellería de Benestar Social convoca as subvencións para entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro que actúen no ámbito dos servizos sociais, no marco xurídico da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como os do Real decreto 887/2006, do

21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto as normas de dereito privado.

A convocatoria destas subvencións efectúase baixo os principios de publicidade, concorrència e obxectividade.

#### **Primeira.- Obxecto e finalidade**

É obxecto das presentes bases regular a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas económicas a entidades e asociacións de carácter social, sen ánimo de lucro, para mantemento das entidades e para a realización de actividades da área dos servizos sociais no ano 2011, dentro dos niveis de actuación que establece a Lei de Servizos Sociais de Galicia, e que ademais efectúen as actividades en Vigo e cumpran os requisitos que se indican nas presentes bases.

As axudas irán destinadas a cubrir gastos derivados do mantemento das entidades, e de programas, proxectos ou actividades da área de servizos sociais que presenten as asociacións, durante o ano 2011.

#### **Segunda.- Programas subvencionables:**

Poderán subvencionarse:

- a) Programa de actividades de entidades que operan no ámbito dos servizos sociais .
  - Este programa está dirixido a subvencionar proxectos ou actividades que se poidan integrar nunha ou varias áreas de actuación dos servizos sociais.
  - O ámbito espacial destas actividades será o termo municipal de Vigo, subvencionándose excepcionalmente aquelas que inclúan programas de intercambio con outras asociacións, debidamente xustificadas e que teñan unha relación ou implicación directa coa actividade da asociación e os obxectivos desta convocatoria.
- b) Mantemento das entidades que operan no ámbito dos servizos sociais.
  - Este programa está dirixido a subvencionar os gastos correntes de funcionamento e mantemento das súas entidades, entendidas como espazos xestores das súas actividades.

As entidades que operan nos ámbitos indicados poden solicitar a subvención por un concepto ou ambos, non sendo excluíntes, tendo en conta o indicado na Base Terceira da presente convocatoria.

Exclúense expresamente desta convocatoria as solicitudes seguintes:

1. Aquelas que para os mesmos conceptos foran solicitados noutras áreas ou servizos do Concello de Vigo,
2. Aquelas que aínda que solo se presentaran na Area de Servizos sociais, teñen unha relación e canle máis específica de subvención con outras áreas do Concello de Vigo, ou doutras administracións. ou aquelas que pola súa natureza ou obxectivo, non se encadren dentro do ámbito de actuación dos Servizos Sociais.
3. Aquelas en que o obxecto da súa petición estea incluído nalgún convenio de colaboración ou contrato da area de Benestar Social do Concello de Vigo;
4. Aqueles que a xuízo da comisión de avaliación teñan unha escasa relevancia, ou repercusión ou carezan de interese dentro do ámbito propio dos Servizos Sociais.
5. Aquelas nos que os gastos subvencionados leven asociados investimentos en bens de natureza inventariable (infraestruturas e equipamentos) e o seu mantemento, sempre que supoña un incremento da vida útil dos bens; os gastos de carácter suntuario, liberalidades ou gastos financeiros.
6. Os gastos xerais de adquisición de patrimonio.
7. Aquelas que supoñan a edición de documentos internos, así como externos de signo exclusivamente propagandístico.

8. Aqueles que inclúan actividades de carácter político ou doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
9. Aquelas que inclúan actividades propias dos clubs deportivos.
10. Aquelas que inclúan actividades levadas a cabo por administracións públicas, así como por entidades ou unidades que dependan orgánica ou presupostariamente delas en calquera aspecto
11. Aqueles que inclúan actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
12. Aqueles que inclúan actividades dirixidas ao estudo, análises ou investigación académica ou estatística.
13. Aquelas que inclúan actividades de signo sanitario-asistencial previstas nos programas da sanidade pública.

#### **Terceira.- Financiamento e contía:**

O importe total das subvencións non excederá o límite de 80.000€ e financiarase con cargo á partida 2310.489 00 00 –Subvencións a asociacións, entidades, etc.- do orzamento de Benestar Social do ano 2011

Poderá subvencionarse o cen por cen do orzamento presentado, non podendo superar, en todo caso, a cantidade de 3,000€. por entidade solicitante, establecéndose no caso das subvencións para mantemento, unha cantidade máxima de 1500€ por entidade solicitante.

No caso de que unha vez avaliadas as solicitudes se exceda do crédito destinado a estes programas, o Departamento de Benestar Social, axustará proporcionalmente a totalidade das subvencións ata encaixalas no crédito do ano 2011. De ser o caso, o calculo realizarase multiplicando cada unha das cantidades polo coeficiente corrector que resulte.

#### **Cuarta.- Compatibilidade:**

Estas subvencións serán compatibles con calquera outras subvencións ou axudas procedentes de calquer outra administración ou de entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a solicitude e obtención doutras subvencións ou axudas que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o custe total do programa, proxecto ou actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

#### **Quinta.- Requisitos que deben reunir as entidades beneficiarias:**

- a) Ser unha entidade de interese social, sen ánimo de lucro e dedicada a realización de actividades de carácter preventivo, asistencial, rehabilitador ou de ocio, e con implantación local.
- b) Estar legalmente constituídas e inscritas ou acrediten ter solicitado a súa inscrición con anterioridade a data na que remata o prazo de presentación de solicitudes, no Rexistro Municipal de Asociacións da Concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo,
- c) Que teñan sede social ou delegación no termo municipal de Vigo
- d) Que conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
- e) Que teñan debidamente xustificadas, se é o caso, e antes da presentación da solicitude para esta convocatoria, as axudas recibidas no ano anterior. Así mesmo, é necesario que se efectúe o correspondente ingreso nos casos en que, sobre os beneficiarios das axudas económicas, recaese resolución administrativa ou xudicial firme de reintegro.
- f) Que se atopen ao corrente das súas obrigas fiscais.

- g) Non estar incursos en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**Sexta.- Prazo, forma de presentación de solicitudes, e documentación:**

**6.1 Prazo e forma de presentación.**

O prazo de presentación de solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais, contados dende o día seguinte a publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou mediante calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo común.

**6.2 Modelo de presentación de solicitudes.**

As solicitudes de subvención presentaranse de acordo co modelo que figura no anexo destas bases reguladoras (ANEXO I)

**6.3 Documentación.**

Coa solicitude achegarase a documentación que se recolle a continuación:

**DOCUMENTACIÓN XERAL**

- (g) Certificado do acordo de solicitude da subvención adoptado polo órgano de goberno da asociación ou entidade solicitante e composición de dito órgano de goberno. (ANEXO II).
- (h) Certificación asinada polo secretario (ANEXO III) da entidade relativa a:
- Representación da persoa responsable legal da entidade.
  - Que dispón de sede central ou delegación permanente na cidade.
  - CIF da entidade.
- (i) Unha declaración responsable de estar ao corrente no pagamento das obrigas tributarias co Concello de Vigo, Tesourería da Seguridade Social e da Axencia Estatal da Administración Tributaria e Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, en base ó réxime simplificado para as subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social que se concedan a entidades sen ánimo de lucro, que establece o artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e o artigo 24 do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.
- (j) Declaración responsable do representante legal da entidade facendo constar que a entidade solicitante non está incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- (k) Declaración responsable do representante legal da entidade na que se indiquen outras axudas solicitadas de entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

Os tres apartados anteriores: c,d,e, poden xustificarse co modelo de Declaración responsable do ANEXO IV.

No suposto de que a entidade presentase esta documentación ou parte da mesma a outra convocatoria de axudas das convocadas polo Concello de Vigo no ano en curso ou no ano anterior, será suficiente con achegar unha declaración que especifique a documentación xa presentada, así como o número de documento ou expediente en que se atopa incorporada, anexando a documentación que falte ou estea sen actualizar.

### **DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA PROXECTOS OU ACTIVIDADES**

Para as entidades que soliciten subvención para proxectos ou actividades, ademais da documentación sinalada nos apartados a) ó e), presentarán:

1. Memoria explicativa e detallada do proxecto ou actividade para os que solicitan subvención, e no que se indique como mínimo:
  - Nome do proxecto
  - Obxectivos e fins que persegue
  - Actividades a realizar
  - Número aproximado de persoas que se benefician e para os que se destina o proxecto.
  - Calendario de actividades
  
2. Orzamento de ingresos e gastos previsto para a realización do actividade ou proxecto.

Para cumprimentar estes dous apartados o solicitante pode escoller entre o ANEXO V, que contén a memoria explicativa do proxecto incluíndo o orzamento para viabilidade do proxecto, e o ANEXO VI, un guión a seguir cos datos necesarios para describir o proxecto e a súa viabilidade económica.

### **DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA PARA MANTEMENTO**

Para as entidades que soliciten subvención para mantemento, ademais da documentación sinalada nos apartados a ó e), presentarán:

1. Breve informe xustificativo da necesidade dos conceptos solicitados.
2. Certificación da persoa legal responsable da entidade do orzamento de ingresos para 2011
3. Certificación da persoa legal responsable da entidade do orzamento dos gastos totais da entidade para o ano 2011

Para cumprimentar os tres apartados anteriores pode utilizarse o ANEXO VII.

#### **Sétima- Procedemento:**

Recibidas as solicitudes, procederase ao estudo das mesmas e da documentación que as acompaña. Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados no artigo 70 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, do Réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou non se acompañe a documentación que de acordo con esta convocatoria resulte esixible, requirirase ao interesado para que no prazo de 10 días hábiles emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da citada Lei. Durante o proceso de valoración das solicitudes poderase citar ás asociación para clarificar ou ampliar aspectos técnicos da solicitude.

O/a instrutor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios de valoración que se determinan na Base novena e realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos cara a formular a proposta de resolución.

Rematada a instrución do expediente, como se establece na Lei 9/2007, de 13 de xuño, este será remitido á Comisión de avaliación que se expresa na base décimo segunda para emisión do informe, e a proposta de concesión da subvención e a súa contía, ou de desestimación, segundo o caso, será enviado polo órgano instrutor a Xunta de Goberno Local.



## **Oitava.- Publicidade**

### **-Publicidade da convocatoria e das bases reguladoras da concesión das axudas.**

A presente convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ao boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web [www.vigo.org](http://www.vigo.org), unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

### **-Publicidade das subvencións concedidas.**

*As axudas que se concedan ao abeiro das presentes bases e convocatoria serán publicadas no correspondente diario oficial, cando a súa contía sexa de 3.000€ ou superior, con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ao que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención. As solicitantes ás que se lles conceda a subvención terán dereito a que non se fagan públicos os seus datos persoais cando a publicación poda ser contraria ao respecto e salvagarda do dereito ao honor, intimidade persoal e imaxe.*

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas de Benestar Social e na propia paxina web do Concello de Vigo.

### **-Publicidade do financiamento público.**

As beneficiarias das subvencións obxecto desta convocatoria deberán empregar o distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Benestar Social – Concello de Vigo”.

## **Novena.- Criterios de valoración**

### **1.- Criterios xerais de valoración de actividades:**

#### **Fundamento:**

- Colaboración e/ou complementariedade coa acción da administración local.
- Que o programa se axuste a realidade social e ás necesidades do colectivo ao cal se dirixe.
- Integración e/ou complementariedade con outras experiencias
- Valores que contén, proxecta e promociónen o proxecto.

#### **Calidade:**

- Concreción, calidade e claridade
- Proxecto contrastado pola experiencia propia e/ou de outras entidades.
- Proxecto fundamentado, con estrutura interna coherente e sólida.
- Participación do colectivo beneficiario no deseño do proxecto.

#### **Impacto:**

- Relevancia do proxecto (impacto esperado).
- Aumento da capacitación das persoas e/ou dos colectivos implicados.
- Mellora na calidade de vida das persoas implicadas
- Fomento da participación social dos grupos aos que vai dirixido

#### **Solidez e financiamento:**

- Permanencia do proxecto, continuidade no tempo.
- Valoración das edicións anteriores (para o caso de continuidade)

- Plan de financiamento (aportación propia).
- Previsión e capacidade para conseguir outros fondos de financiamento e recursos.

**Entidade:**

- Experiencia, traxectoria, base social e participación no tecido social.
- Capacidade de convocatoria e mobilización da entidade.
- Colaboración con outras entidades na elaboración do proxecto.
- Fomento do asociacionismo, do voluntariado e da participación cidadá.

*2.- Criterios específicos de valoración de actividades:*

- Actividades que vaian dirixidas á prevención e á atención de persoas e/ou colectivos e que se complementen coa intervención realizada dende os servizos sociais municipais.
- Promoción e atención a persoas con discapacidade.
- Proxectos ou actividades de atención e promoción social de menores.
- Iniciativas de atención e promoción social para adultos con necesidades específicas e que se atopen en situación de desigualdade, discriminación ou exclusión.
- Proxectos con dinámicas sociais abertas que vaian dirixidos a colectivos co fin de acadar una elevada cohesión social..
- Iniciativas que plantexen solucións a problemas sociais de forma multidimensional e/ou integral.
- Proxectos ou actividades que aporten melloras substanciais á calidade de vida das persoas, intervindo en áreas sociais, culturais e outras.
- Iniciativas que impulsen fórmulas innovadoras solventes para a atención social de persoas ou/familias de colectivos con necesidades diferenciadas.
- Proxectos que propoñan novas iniciativas para intervir na prevención de situación de vulnerabilidade promovendo a inclusión social.
- Proxectos de especial interese pola defensa ou promoción dos valores de igualdade, solidariedade e inclusión social.

*3.- Criterios de valoración de mantemento:*

- Maior ou mais específica comunidade a que se dirixe a Asociación
- Relación da entidade co campo da acción social e experiencia no seu ámbito
- Grao de implantación na cidade da Asociación.

**Décima.- Ponderación e valoración**

A concesión das subvencións atenderá os criterios anteriores e tramitaranse en réxime de concorrència competitiva, tendo sempre como límite as disponibilidades orzamentarias de Benestar Social destinadas para tal fin no presente exercicio. Neste sentido, levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer una prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

*Para proxectos ou actividades:*

O proxecto que acompaña á solicitude será revisado tecnicamente ao fin de avaliar o grao de cumprimento dos criterios de valoración tanto xerais como específicos e elaborarse a correspondente valoración.

O proxecto pode acadar una puntuación máxima de DEZ puntos (de 0 a 10), repartida en dúas partes:

- a) Puntuación por adecuación do proxecto aos criterios xerais de valoración (punto 1 da base novena):
  - Ata 5 puntos, con un máximo de 1 punto por criterio, para os criterios que evalúen as características e a adecuación técnica do proxecto (fundamento, calidade, impacto, solidez e financiamento, así como da entidade solicitante).
- b) Puntuación por adecuación do proxecto aos criterios específicos da valoración (punto 2 da base novena):
  - Ata un máximo de 5 puntos, cun máximo de 0,5 puntos por criterio, por adecuación do proxecto aos criterios específicos de valoración de cada ámbito (punto 2 da base novena). Para cada ámbito indícanse os requisitos e criterios que ten que cumprir o proxecto presentado, atendendo as especificidades de cada temática as cales se tomarán como base para a valoración do proxecto.

A valoración final do proxecto resultará da suma da puntuación obtida en ambos grupos de criterios.

#### Para gastos de mantemento

As axudas, individualmente consideradas poden acadar un máximo de DEZ puntos (de 0 a 10) valoradas tendo en conta os criterios e as puntuacións seguintes:

- Ata un máximo de 4 puntos no primeiro dos criterios de valoración de mantemento
- Ata un máximo de 3 puntos en cada un dos dous restantes criterios de valoración de mantemento.

#### **Décimo primeira.- Procedemento de concesión e Órganos competentes**

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas corresponde ao Departamento de Benestar Social. O órgano instrutor, co informe da Comisión de avaliación, elevará a proposta de resolución das subvencións solicitadas á Xunta de Goberno Local, órgano competente que aprobará o expediente das concesións e denegacións das subvencións solicitadas.

#### **Décimo segunda.- Composición da comisión de avaliación**

A comisión de avaliación estará integrada pola Concelleira-Delegada de Benestar Social, en calidade de presidenta, o xefe de área, a xefa de servizo e un funcionario designado para o efecto de Benestar Social como vocais da mesma, exercendo un deles como secretario/a.

#### **Décimo terceira.- Notificación da resolución e recursos**

A resolución da solicitude de subvención será notificada a todos os solicitantes, no prazo máximo de catro meses, contados desde a data de aprobación pola Xunta de Goberno Local. Transcorrido dito prazo sen que recaía resolución expresa, deberá entenderse desestimada. Dita resolución esgota a vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se o acto fose expreso, ou no prazo de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partires do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou o da notificación o publicación do acto que poña fin á vía administrativa, si fose expreso. Si non o fora, o prazo será de seis meses e se contará, para o solicitante e outros posibles interesados, a partires do día seguinte a aquel no que, segundo a súa normativa específica, se

produza o acto presunto, todo elo de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **Décimo cuarta.- Obrigas dos beneficiarios**

- A aceptación da subvención por parte dos adxudicatarios implica a aceptación das obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen ánimo de lucro e leva implícita a autorización á Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo para facer públicas as subvencións concedidas de acordo co definido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Realizar a actividade ou efectuar os gastos de mantemento que fundamentan a concesión da subvención.
- O emprego da lingua galega na realización das actividades
- Xustificar a aplicación dos fondos recibidos dentro dos prazos establecidos, así como a realización da actividade e cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención.
- Colaborar coas actuacións de comprobación e información quedando obrigadas a facilitar a tarefa de seguimento durante o período contemplado na presente convocatoria.
- Dispoñer da documentación contable que lles sexa esixida polos órganos de fiscalización e facilitala para garantir as facultades de inspección e control.
- Declarar as subvencións recibidas do Concello e doutros entes públicos ou privados.
- Facer constar nos materiais de difusión e publicidade o apoio do Concello de Vigo- Benestar Social-, comprometéndose á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista.
- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.
- E as demais obrigas consignadas nos artigos 14 da Lei Xeral Tributaria e 11 da Lei de Subvencións Galega.

#### **Décimo quinta.- Prazo e forma de xustificación**

Unha vez notificada a resolución da concesión da subvención procederase á xustificación e pagamento na forma que se indica a continuación.

A xustificación das axudas efectuarase como máximo ata o 31 de xaneiro de 2012.. Non obstante, previa aprobación por parte da Xunta de Goberno Local, poderá ser ampliado o prazo destas xustificacións se ocorreran excepcións debidamente acreditadas.

En todo caso, a xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Nas subvencións para actividades terán a consideración de gastos subvencionables aqueles gastos ocasionados polo programa subvencionados tales como: persoal, viaxes, aloxamentos, comidas, alugamento de instalacións, etc.

Nas subvencións para mantemento terán a consideración de gastos subvencionables aqueles ocasionados polo funcionamento da entidade como espazo xestor. Non serán subvencionables os gastos correspondentes a investimento e material inventariable.

A documentación para xustificar a subvención presentarase no Rexistro Xeral, conformando a Conta Xustificativa, que consistirá en:

1.- Unha memoria de actuación, xustificativa do cumprimento dos proxectos ou actividades subvencionadas.

2.- Unha memoria económica, xustificativa do custe da actividade subvencionada ou ben dos gastos de mantemento que comprenderá:

- Unha relación clasificada de gastos vinculados á subvención (anexo VIII).
  - Facturas orixinais e documentos con valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa incorporados na relación anterior e, no seu caso, a documentación acreditativa do pago, polo importe subvencionado. As facturas quedarán a disposición do Concello de Vigo e non se admitirán aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir factura que incumbe a profesionais e empresarios. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que se xustifique que a entidade está exenta de IVE.
  - Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade subvencionada, con indicación do importe e procedencia.
  - Os documentos xustificativos deberán comprender os gastos vinculados de forma directa ao ano 2011 e non será necesario facer constar de forma expresa se os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación determinado nesta convocatoria
- Acreditar, con anterioridade ao pago da subvención, que se atopa ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, a Axencia Estatal de Administración Tributaria e Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia Tesourería da Seguridade Social. Unha declaración responsable pode substituír a presentación das certificacións, en base ó réxime simplificado para as subvencións destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social que se concedan a entidades sen ánimo de lucro, que establece o artigo 31.7 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e o artigo 24 do Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións

Para posibilitar o control de concorrencia de subvencións, ou cando a entidade solicitante demande o orixinal presentado, as facturas e documentos poderán marcarse cunha estampilla, indicando na mesma a subvención para a que se presenta como xustificante e se o importe se imputa total ou parcialmente á mesma, indicando neste caso a contía exacta que resulte afectada. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado.

Procederá, por razóns xustificadas, o dereito ao cobro parcial e redución da subvención no caso de non execución dalgunha das actividades previstas no proxecto ou incumprimento dalgunha das obrigas do beneficiario. Así mesmo, poderá reducirse a subvención cando os gastos xustificados fosen inferiores aos subvencionados, ou se obtivesen ingresos superiores aos previstos.

#### **Décimo sexta.- Seguimento**

O persoal técnico do Departamento de Benestar Social será o encargado do seguimento da execución das subvencións, así como de certificar a adecuada xustificación das mesmas mediante emisión dun informe que se incorpora coa conta xustificativa e a documentación presentada, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento do obxecto da subvención, así como a conformidade cos documentos xustificativos presentados, ou aquelas circunstancias que imposibilitan súa aprobación.

**Décimo sétima.- Tratamento de datos de carácter persoal.**

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.

**Décimo oitava.- Norma final**

En todo aquilo non previsto nas presentes bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (artigo 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (artigo 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto nas Bases, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, RD 887/2006, de 21 de xuño; a lexislación básica do Estado de réxime local; a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo vixentes, e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**ANEXO I  
SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN**

Don/Dona \_\_\_\_\_, con DNI/NIF núm \_\_\_\_\_  
como representante autorizado/a de \_\_\_\_\_  
con NIF/CIF núm. \_\_\_\_\_ e domicilio na rúa \_\_\_\_\_  
número \_\_\_\_\_, CP \_\_\_\_\_, localidade \_\_\_\_\_ e teléfono \_\_\_\_\_

**EXPÓN:**

Que, segundo o exposto na convocatoria de subvencións a Asociacións sen ánimo de lucro no ámbito dos Servizos Sociais no municipio de Vigo, estimando que cumpre os requisitos esixidos nas mesmas e achegando a documentación requirida,

**SOLICITA:**

Se conceda a esta entidade subvención polo concepto de:

**ACTIVIDADES** \_\_\_\_\_ €

**MANTEMENTO** \_\_\_\_\_ €

Vigo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_\_\_\_  
Sinatura do/da secretario/a ou persoa autorizada da Asociación ou entidade e selo

**ANEXO II**

### CERTIFICADO DO ACORDO DE SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN

Composición da Xunta Directiva e outorgamento de autorización á persoa que solicita a subvención Don/Dona \_\_\_\_\_, con DNI/NIF núm. \_\_\_\_\_ secretario/a da asociación ou entidade \_\_\_\_\_, DNI/NIF núm. \_\_\_\_\_, certifica que a Xunta Directiva está formada polos membros seguintes:

Membros	Responsabilidades (presidencia, vicepresidencia, secretaria, tesourería, vocais...)
Don/Dona	
Don/Dona	
Don/Dona	
Don/Dona	
Don/Dona	
Don/Dona	
Don/Dona	
Don/Dona	
Don/Dona	

Así mesmo, confirma que na reunión da asociación ou entidade que tivo lugar na data \_\_\_\_\_ acordouse solicitar unha subvención ao Concello de Vigo –Benestar Social- e outorgóuselle autorización ou poderes para facelo, como persoa representante autorizada, a:

**Don/Dona** \_\_\_\_\_, **con DNI/NIF núm.** \_\_\_\_\_

E para que así conste, asino esta declaración

**Vigo,** \_\_\_\_\_ **de** \_\_\_\_\_ **de 201** \_\_\_\_\_

Sinatura do/da secretario/a da asociación ou entidade, e selo

### ANEXO III

#### DECLARACIÓN DE REPRESENTACIÓN, SEDE E CIF DA ENTIDADE

Don/Dona \_\_\_\_\_ con DNI/NIF  
núm. \_\_\_\_\_

#### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

1. Que actúo con poder suficiente en nome e representación da asociación ou entidade  
\_\_\_\_\_
2. Que a asociación ou entidade que represento dispón de sede central ou delegación permanente na cidade de Vigo, con enderezo \_\_\_\_\_
3. Que o CIF da asociación ou entidade é \_\_\_\_\_

**Vigo,** \_\_\_\_\_ **de** \_\_\_\_\_ **de 201** \_\_\_\_\_

Sinatura do/da secretario/a ou persoa autorizada da Asociación ou entidade e selo

### ANEXO IV

**DECLARACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL, DE NON ESTAR INCURSO EN INCOMPATIBILIDADES, E DOUTRAS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS**

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_, con NIF nº \_\_\_\_\_

que actúa en nome e representación da asociación ou entidade \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

con CIF nº \_\_\_\_\_

**DECLARA BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**

- Esta entidade solicitou subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade:

\_\_\_\_ SI\*

\_\_\_\_ NON

\*Ata o día de hoxe e referidos ó exercicio económico do 2011, esta entidade solicitou outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

- Esta entidade está ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte a: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social, e Concello de Vigo.
- Esta entidade non se atopa inhabilitada nin está incurso en ningunha das circunstancias a que se refire o artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e polo tanto, cumpre todos e cada un dos requisitos que a mesma exige para obter a condición de beneficiaria.

Vigo, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201

entidade e selo Sinatura do/da secretario/a ou persoa autorizada da Asociación ou

**ANEXO V**

**MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO**

O/a solicitante pode escoller este formulario ou ben o modelo Anexo VI - Guión para describir o proxecto.

**A. SOBRE A ENTIDADE:**

**h) DATOS BÁSICOS**

Nome da entidade: \_\_\_\_\_  
Asociación, fundación, cooperativa...

NIF: \_\_\_\_\_



Natureza xurídica:

Núm. rexistro de entidades:

Horario habitual de atención:

Nome e apelidos

Persoa responsable do proxecto:

**i) ÁMBITO TEMÁTICO, TERRITORIAL E POBOACIÓN DE INTERVENCIÓN DA ENTIDADE**

Familias, nenos, xente maior, persoas recen chegadas, poboación con necesidades específicas, poboación en xeral...

Ámbito poboación ou destinatarios prioritarios:

Ámbito temático da intervención prioritaria da entidade:

Ámbito territorial ou zona prioritaria de intervención:

**j) PRINCIPAIS PROXECTOS E/OU SERVIZOS DESENVOLVIDOS**

**k) RECURSOS TÉCNICOS E MATERIAIS**

Recursos humanos (número de profesionais asalariados/colaboradores/voluntarios); equipamentos ou espazos propios e outros aspectos técnicos.

**B. SOBRE O PROXECTO PRESENTADO Á SUBVENCIÓN:**

**l) IDENTIFICACIÓN**

Denominación:

Modalidade ou ámbito temático prioritario:

Lugar de realización da actividade ou servizo:

Persoas destinatarias:

Outras entidades colaboradoras neste proxecto:

Data de inicio:

Data de finalización:

**m) BREVE DESCRICIÓN**

Orixe da idea, antigüidade do proxecto, significación dentro da entidade ou do equipo de traballo, expectativas, oportunidade e outros aspectos a destacar

**n) FINALIDADE DO PROXECTO**

Situación sobre a que se quere intervir, o reto do proxecto

**o) OBXECTIVOS**

Acción xenérica que da sentido ao proxecto

Obxectivo xeral:

---

Acción concreta e ben definida prioritaria  
Obxectivo específico:

---

---

**p) RESULTADOS ESPERADOS**

O impacto concreto que terá a vosa acción unha vez realizada. Sistemas de seguimento e avaliacións previstas

---

**q) RECURSOS MÍNIMOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO**

Número de persoas que colaboran no proxecto  
Recursos humanos:

---

Locais, instalacións, equipos técnicos que se necesitarán  
Recursos infraestructuras:

---

O que se terá que alugar ou comprar, funxible ou non  
Recursos materiais:

---

Importe mínimo para poder executar o proxecto

**Recursos económicos:** \_\_\_\_\_

**11. PLAN DE VIABILIDADE ECONÓMICA DO PROXECTO - PRESUPOSTO XERAL**

<b>Gastos previstos</b>	En recursos humanos:	€
	En materiais e transporte:	€
	En infraestructuras:	€
	En viaxes e desprazamentos:	€
	En aloxamento e dietas:	€
	En seguros:	€
	En publicidade:	€
	En outros aspectos:	€
	<b>Total gastos previstos:</b>	€
<b>Ingresos previstos</b>	Por recursos propios da entidade:	€
	<small>Esta subvención</small> Pola subvención do Concello de Vigo	€
	Por subvencións doutras administracións:	€
	Outros ingresos:	€

	<b>Total ingresos previstos:</b>	€
<b>Balance final</b>	<b>Ingresos menos gastos:</b>	€

**12. PLAN DE COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN**

Carteis, dípticos, trípticos ou outros programas de man, bandoleiras, web, etc.  
 Productos que se previron:

---



---

Campañas ou accións concretas de difusión:

---

**13. FASES DO PROXECTO (ACTIVIDADES RELEVANTES E CALENDARIO BÁSICO)**

<b>Fase 1</b> <b>Nome:</b>	Nome da actividade mais destacada desta fase do proxecto Actividade relevante 1	Inicio e final da actividade Calendario
	Nome:	Data de inicio:  Data de finalización:
	Actividade relevante 2	calendario
	Nome:	Data de inicio:  Data de finalización:
<b>Fase 2</b> <b>Nome:</b>	Actividade relevante 3	Calendario
	Nome:	Data de inicio:  Data de finalización:
	Nome da actividade mais destacada desta fase do proxecto Actividade relevante 4	Inicio e final da actividade Calendario
	Nome:	Data de inicio:  Data de finalización:
<b>Fase 2</b> <b>Nome:</b>	Actividade relevante 5	calendario
	Nome:	Data de inicio:  Data de finalización:
	Actividade relevante 6	Calendario
	Nome:	Data de inicio:  Data de finalización:

<b>Fase 3</b>	Nome da actividade mais destacada desta fase do proxecto Actividade relevante 7	Inicio e final da actividade Calendario
<b>Nome:</b>	Nome:	Data de inicio:  Data de finalización:
	Actividade relevante 8 Nome:	calendario Data de inicio: Data de finalización:
	Actividade relevante 9 Nome:	Calendario Data de inicio: Data de finalización:

#### **ANEXO VI (para actividades)**

### **GUIÓN A SEGUIR PARA MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO E PLAN DE VIABILIDADE ECONÓMICA**

O/a solicitante pode escoller este guión ou ben o modelo Anexo V para describir o proxecto e o plan de viabilidade económica

#### **A. SOBRE A ENTIDADE**

---

**1. Datos da entidade solicitante**

Nome da entidade, NIF, natureza xurídica (asociación, cooperativa, fundación, federación...), número de Rexistro de Entidades, horario habitual de atención, persoa responsable do proxecto.

**2. Ámbito prioritario de intervención da entidade.**

Temático, poboacional ou por destinatarios (Acción social, familias, nenos, xente maior, persoas recen chegadas, poboación con necesidades específicas, poboación en xeral...)

**3. Principais proxectos e/ou servizos desenvolvidos.**

**4. Recursos técnicos e materiais.**

Recursos humanos (profesionais asalariados/colaboradores/voluntarios); equipamentos ou espazos propios e outros)

#### **B. SOBRE O PROXECTO PRESENTADO A SUBVENCIÓN**

---

**5. Identificación.**

Denominación, modalidade ou ámbito temático prioritario que aborda, lugar de realización da actividade ou servizo, persoas destinatarias, outras entidades colaboradoras, data de inicio e data de finalización.

**6. Breve descrición.**

Resumo do proxecto, antigüidade do proxecto, orixe da idea, significación dentro da entidade ou do equipo de traballo, expectativas, oportunidade de desenvolvemento, etcétera.

**7. Finalidade o proxecto.**

Situación sobre a que se require intervir, o reto do proxecto.

**8. Obxectivos.**

Obxectivo xeral (acción xenérica que da sentido ao proxecto), obxectivos específicos (accións concretas, e ben definidas, que se queren alcanzar).

**9. Resultados esperados.**

O impacto concreto que terá a vosa acción unha vez levada a cabo. Sistemas de seguimento e avaliación previstos.

**10. Recursos mínimos necesarios para desenvolver o proxecto.**

Humanos (número de persoas que colaborarán no proxecto) infraestruturas (locais, instalacións, equipos técnicos), materiais (o que teredes que alugar ou comprar, funxible ou non), económicos (capital mínimo para poder executar o proxecto).

**11. Plan de viabilidade económica do proxecto.**

Gastos previstos, por tipoloxías (en recursos humanos, en material, en transporte, en infraestruturas, en viaxes e desprazamentos, en aloxamento, en dietas, en seguros, en publicidade e outros). Total de gastos previstos.

Ingresos previstos (os aportados pola entidade, esta subvención, outras subvencións previstas, outros).

Total de ingresos previstos.

**12. Plan de comunicación e publicidade.**

Produtos que se previron (carteis, dípticos, trípticos ou outros programas de mao, bandoleiras, web, outros medios de difusión). Campañas ou accións concretas de difusión.

**13. Fases do proxecto (actividades relevantes e calendario básico).**

Fases (denominación e breve descrición de cada unha), actividades relevantes de cada fase (breve descrición do que vai pasar), calendario básico (datos do inicio e de finalización da cada actividade descrita).

**ANEXO VII (para mantemento)  
ORZAMENTO TOTAL DE GASTOS E INGRESOS DA ENTIDADE  
ANO 2011**

**DATOS BÁSICOS**

Nome da entidade:

NIF:

Asociación, fundación, cooperativa...

Natureza xurídica:

Núm. rexistro de entidades:

Horario habitual de atención:

Nome e apelidos

Persoa responsable do proxecto:

Con domicilio social en:

Con delegación en Vigo na rúa:

**RECURSOS TÉCNICOS E MATERIAIS**

Recursos humanos (número de profesionais asalariados/colaboradores/voluntarios); equipamentos ou espazos propios e outros aspectos técnicos.

**GASTOS E INGRESOS PREVISTOS**

**Gastos previstos:** En recursos humanos: €

En materiais e transporte: €

En Mantemento (luz, auga, teléfono, aluguer, etc.) €

En viaxes e desprazamentos: €

	En aloxamento e dietas:	€
	En seguros:	€
	En publicidade:	€
	En outros aspectos:	€
	<b>Total gastos previstos:</b>	€
<b>Ingresos previstos:</b>	En cotas de socios:	€
	Doazóns:	€
	Outros (indicar):	€
		€
	Subencións Concello de Vigo:	€
		€
	Subvencións outros concellos:	€
		€
	Xunta de Galicia – Consellería de...	€
		€
	Deputación Provincial:	€
	<b>Total ingresos previstos:</b>	€

**BREVE INFORME DA NECESIDADE QUE MOTIVA A SOLICITUDE**

Locais, instalacións, equipos técnicos, publicidade, seguros, etc.

Vigo, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 200 \_\_\_\_  
 Sinatura do/da secretario/a ou persoa autorizada da Asociación ou entidade  
 e selo

**ANEXO VIII  
 CONTA XUSTIFICATIVA  
 (Unha por cada concepto solicitado)**

Don/Dona \_\_\_\_\_, con DNI/NIF núm. \_\_\_\_\_  
 que actúa en nome e representación da entidade \_\_\_\_\_  
 con NIF/CIF núm. \_\_\_\_\_

**DECLARA:**

- a) Que para o concepto de \_\_\_\_\_ recibiu unha subvención de \_\_\_\_\_ euros e realizáronse os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:

<i>Nº</i>	<i>PROVEDOR/EMPRESA</i>	<i>CIF</i>	<i>Nº FACTURA</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>IMPORTE</i>
				TOTAL.....	

- b) Que os gastos que arriba se detallan, son reais e aplicáronse á finalidade subvencionada.  
c) Que a Entidade fixo a debida divulgación do financiamento concedido polo Concello de Vigo.  
d) A esta entidade  SI /  NON se lle concederon outras subvencións para a mesma finalidade.

<i>Relación de axudas concedidas: Organismos públicos e entidades privadas (indicar procedencia)</i>	<i>Importe</i>

- e) Respecto á actividade realizada, o importe das subvencións concedidas das diversas institucións non superaron o importe total dos gastos realizados, sendo destinadas tódalas achegas á actividade subvencionada.  
f) Que a actividade foi realizada de acordo coa finalidade para a que se concedeu a subvención, e que o custo total de dita actividade foi de \_\_\_\_\_ €  
g) Que se acompañan as de facturas esixidas na Base 15ª, apartado 2.  
h) Que a asociación está actualmente ao corrente das obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Vigo

E para que así conste aos efectos de xustificación da subvención concedida suscribo a presente en Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_.

Sinatura do/da secretario/a ou persoa autorizada da Asociación ou entidade e selo

**29(362).- ACTA DE COMPROBACIÓN PARCIAL DAS OBRAS DO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS E ZONAS COMPLEMENTARIAS. EXPTE. 605/410.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da área de Contratación e Novos Proxectos, do 18.03.2011, conformado polo concelleiro da área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

“Aprobar el Acta de Comprobación Parcial de las obras ejecutadas por la entidad concesionaria del contrato de concesión de obra pública para la construcción y explotación del Auditorio Pazo de Congresos de Vigo y sus Zonas Complementarias de explotación comercial, otorgada otorgada el día 17 de marzo de 2011 autorizando la apertura al uso público y su puesta en funcionamiento, una vez se obtenga el informe favorable de la programación del sistema contra incendios, de: 1) la actividad de la Zona Pública de Auditorio-Palacio de Congresos y 2) las actividades de las Zonas Complementarias presentadas conjuntamente con la Zona Pública de 2.1) Hotel de 4\*, 2.2) Cafetería del Auditorio-Palacio de Congresos, 2.3) Oficinas y 2.4) Aparcamiento y 2.5) Instalaciones generales de los espacios de actividad comercial y restauración.”

**30(363).- MODIFICADO Nº 1 DO PROXECTO DE OBRAS “MELLORA DE CONEXIÓNS TRANSVERSAIS EN TEIS-ACONDICIONAMENTO DA PONTE SOBRE A AP-9 E FFCC NA RÚA COUTADAS. APROBACIÓN DO GASTO. EXPTE. 7954/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 10.03.2011, conformado polo concelleiro da área de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, e co informe da técnico de Fiscalización e Control Financeiro do 15.03.2011, conformado polo Interventor Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda:

12. Aprobación do Modificado Nº 1 do proxecto de obra “Mellora de conexións transversais en Teis – Acondicionamento da ponte sobre a AP-9 e FFCC na rúa Coutadas”.

13. Aprobar o gasto complementario por un importe de 38.185,16 euros, para levar a cabo o proxecto modificado, tendo en conta a necesidade de rematar as obras no prazo establecido para o proxecto ES00037 “Rexeneración urbana do Barrio de Teis” que se imputará a partida 1550.619.0009.2010

**31(364).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás 9.10 h. Como secretaria dou fe.



am.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.